Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

ANEXO DE INVESTIMENTOS

(Anexo de Investimentos en cumprimento do disposto nos artigos 168.1d) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e artigo 18.1.d do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril)

No capítulo 6 do Orzamento de Gastos, están consignados os seguintes investimentos:

AG	Econ.	Investimento	Importe	Concello	Outras AAPP
1532	61900	Mellora viario á Escabia	153.925,52	-	153.925,52
1532	61900	Pavimentación de viarios en núcelo de Vilar (Tállara)	33.881,45	-	33.881,45
1532	61900	Pavimentación acceso Abelendo e Camiño Barreira-Guiende	36.764,77	-	36.764,77
1532	61900	Camiño de cruce Peital a Fruime	61.985,08	-	61.985,08
1532	61900	Camiño Quintáns - Horta - Cairo	64.402,89	-	64.402,89
1532	61900	Camiño do Campo Redondo a Fontefría	56.967,05	-	56.967,05
1532	61900	Acceso a Cerquides	31.644,98	-	31.644,98
161	60900	Mellora captación abastecemento auga A Silva	45.597,14	-	45.597,14
165	61900	Renovación luminarias. Fase 2	748.748,00	149.749,60	598.998,40
231	62500	Equipamento PAI	150,00	150,00	-
231	62500	Xerontoximnasia	700,00	700,00	-
231	62500	Equipamento CD	3.270,00	3.270,00	-
337	61900	Acondicionamento pista polideportiva Vilacova	25.000,00	5.000,00	20.000,00
337	61900	Cuberta lavadoiros Merelle e A Barreira	18.534,90	-	18.534,90
432	60000	Expropiación terreos sendeiro Ponte Abelendo a Carabeiras	15.500,00	15.500,00	-
453	60000	Adquisición terreos estradas	19.239,00	19.239,00	-
920	62500	Adquisicón mobiliario Oficinas Xerais	2.000,00	2.000,00	-
920	62600	Adquisición equipos informáticos Oficinas Xerais	2.500,00	2.500,00	-
920	63200	Substitución iluminación Casa Consistorial (REE)	11.000,00	-	11.000,00
		TOTAIS	**1.331.810,78**	**198.108,60**	**1.133.702,18**

Lousame, na data da sinatura dixital.

A Alcaldesa, Mª Teresa Villaverde Pais.

FIRMADO POR María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 19/12/2020 18:18:00)
Versión imprimible
CVD: +Qf0Jl/Pln+qmqNvBHof
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

ANEXO DE BENEFICIOS FISCAIS DO PROXECTO DE ORZAMENTO EXERCICIO 2021

(Anexo de Beneficios Fiscais en cumprimento do disposto nos artigos 168.1e) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais)

O Anexo de Beneficios Fiscais (ABF) ten como principal obxectivo cuantificar os beneficios fiscais que afectan aos tributos e así dar cumprimento ao mandato recolleito no artigo 168.1 e) do TRLHL. Para isto, analizaránse os seguintes parámetros:

— Delimitación do concepto de beneficio fiscal.
— O exame dos cambios normativos recentes que puidesen afectar e, cando se dispoña de información suficiente, o procedemento para avalialos cuantitativamente.
— Beneficios Fiscais e o seu impacto na recadación.

1. CONCEPTO DE BENEFICIO FISCAL

Enténdese como a expresión cifrada da diminución ou aumento de ingresos tributarios que, presumiblemente, se producirán ao longo do ano 2021, como consecuencia da existencia de incentivos fiscais ou diminucións da cota fiscal, orientados ao logro de determinados obxectivos de política económica e social.

Os beneficios fiscais refírense exclusivamente aos do propio Municipio. E en todo caso, os trazos ou condicións que un determinado concepto ou parámetro impositivo debe posuír para que se considere que xera un beneficio fiscal, **poderán ser os seguintes:**

a. Ser un incentivo que, por razóns de política fiscal, económica ou social, intégrese no ordenamento tributario e estea dirixido a un determinado colectivo de contribuíntes ou a potenciar o desenvolvemento dunha actividade económica concreta.
b. Desviarse de forma intencionada respecto da estrutura básica do tributo, entendendo por ela a configuración estable que responde o feito impoñible que se pretende gravar.
c. Existir a posibilidade legal de alterar o sistema fiscal para eliminar o beneficio fiscal ou cambiar a súa definición.
d. Non presentarse compensación algunha do eventual beneficio fiscal noutra figura do sistema fiscal
e. Etcétera.

Debe quedar claro, que os Municipios deben recoñecer como beneficios fiscais, nos tributos locais, os incluídos no artigo 9 do TRLHL**,** e en concreto:

1. Os expresamente previstos nas normas con rango de lei ou os derivados da aplicación dos tratados internacionais, e **excepcionalmente**, as que establezan nas súas ordenanzas fiscais nos supostos expresamente previstos pola lei.
2. As fórmulas de compensación que procedan.
3. Cando o Estado outorgue moratorias ou adiamentos no pago de tributos locais a algunha persoa ou entidade, quedará obrigado a arbitrar as fórmulas de compensación ou anticipo que procedan en favor da entidade local respectiva.

2. CAMBIOS NORMATIVOS RECENTES QUE PUIDESEN AFECTAR AO ESTADO DE INGRESOS DO 2021

Non existe ningún cambio normativo recente nas ordenanzas municipais relativo á introdución ou supresión

FIRMADO POR María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 19/12/2020 18:18:00)
Versión imprimible
CVD: 9bmGX+1sPOcl8lifRuTN
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

de beneficios fiscais en tributos locais, que poida ter incidencia no estado de ingresos do Concello no exercicio 2021.

Cambios normativos que afectan ao OM 2021	Tributo local ou Ingreso de dereito público	Cambio normativo	Cuantificación económica estimada respecto do exercicio anterior
Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa pola asistencia ao PAI	Taxa PAI	Introdución dunha bonificación para o 2º fillo	Ningunha. A redución de ingresos será compensada por parte da Xunta de Galicia.

3. BENEFICIOS FISCAIS E O SEU IMPACTO NA RECADACIÓN

Os datos que se achegan baséanse na documentación posta a disposición por parte da Excma. Deputación Provincial da Coruña, a través da intranet, relativos ao 1º, 2º e 3º Trimestre do exercicio 2020, e que terán repercusión no orzamento do 2021, ao percibir durante o mesmo as entregas definitivas en concepto de recadación voluntaria dos padróns fiscais do 2020:

Concello	Concepto	Voluntarios	Obrigatorios	Total
Lousame	Imposto Vehículos Tracción Mecánica	4.633,57	30.391,57	35.025,14
	Imposto sobre Bens Inmobles Urbanos	3.190,54	4.858,83	8.049,37
	Imposto sobre Bens Inmobles Rústicos	3.690,79	5.767,06	9.457,85
		11.514,90	41.017,46	**52.532,36**

Detalle dos beneficios fiscais		
Concello	Concepto	Total
Lousame	**Imposto sobre Bens Inmobles Rústicos**	**9.457,85**
	Outros beneficios fiscais	*9.457,85*
	Imposto sobre Bens Inmobles Urbanos	**8.049,37**
	Bonificación por familia numerosa	*575,26*
	Outros beneficios fiscais	*7.474,11*
	Imposto Vehículos Tracción Mecánica	**35.025,14**
	Bonificación por vehículos históricos	*4.574,22*
	Exención a favor de tractores/remolques con cartilla inspección agrícola	*21.024,32*
	Exención a favor de persoas con mobilidade reducida	*9.367,25*
	Bonificación por tipo de motor	*59,35*

Lousame, na data da sinatura dixital.

A Alcaldesa, Mª Teresa Villaverde Pais.

FIRMADO POR María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 19/12/2020 18:18:00)
Versión imprimible
CVD: 9bmGX+1sPOcl8lifRuTN
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

ANEXO DE CONVENIOS SUSCRITOS CON COMUNIDADES AUTÓNOMAS EN MATERIA DE GASTO SOCIAL

(Anexo en cumprimento do disposto no artigo 168.1 f) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais)

Dª Mª Teresa Villaverde Pais, na miña calidade de alcaldesa, emito o presente Anexo en cumprimento do disposto no artigo 168.1 f) do TRLRFL.

Coa nova redacción do artigo 168 esíxese que se cumprimente a seguinte información relativa aos convenios subscritos coas Comunidades Autónomas en materia de gasto social coas seguintes especificacións:

- Contía das obrigas de pago e dos dereitos económicos que se deban recoñecer no exercicio ao que se refiren os orzamentos.
- Contía das obrigas pendentes de pagamento e os dereitos económicos pendentes de cobro recoñecidos en exercicios anteriores.
- Aplicacións orzamentarias nas que se recollan os importes anteriores.
- Referencia a que ditos convenios inclúen a cláusula de retención de recursos do sistema de financiamento á que se refire o artigo 57 bis da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Non consta ningún convenio que reúna as características indicadas, xa que o único que podería ser considerado sería o formalizado co Consorcio Galego de Igualdade e Benestar para o Servizo Xantar na casa. Neste caso, o consorcio non se trata dunha entidade da Xunta de Galicia, xa que está participada por entidades locais. Considero confirmado este criterio polo feito de que na Plataforma da Oficina Virtual das Entidades Locais no ano 2015 non aparecía este ente como da Comunidade Autónoma de Galicia.

Lousame, na data da sinatura dixital.

A Alcaldesa, Mª Teresa Villaverde Pais

FIRMADO POR María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 19/12/2020 18:17:00)
Versión imprimible
CVD: JEetIG9jBB5/6iH9W/cd
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO DE LOUSAME CORRESPONDENTES AO EXERCICIO ECONÓMICO 2021.

ÍNDICE

TÍTULO PRELIMINAR

Base 1. Ámbito de aplicación das Bases de execución.

TÍTULO I. DO ORZAMENTO E AS SUÁS MODIFICACIÓNS

Capítulo I. CONTIDO

Base 2. Contido e estrutura orzamentaria.

Capítulo II. OS CRÉDITOS DO ORZAMENTO

Base 3. Carácter Limitativo e vinculante dos créditos orzamentarios e prórroga do Orzamento Xeral.

Capítulo III. DAS MODIFICACIÓNS ORZAMENTARIAS

Base 4. Tipo de modificacións orzamentarias.
Base 5. Normas comúns ás modificacións orzamentarias.
Base 6. Créditos extraordinarios e suplementos de crédito.
Base 7. Créditos extraordinarios e suplementos de crédito: tramitación
Base 8. Créditos ampliables.
Base 9. Transferencias de Créditos.
Base 10. Xeración de créditos por novos ingresos.
Base 11. Incorporación de remanentes de créditos.
Base 12. Baixas por anulación.
Base 13. Modificación do Estado de Ingresos.

TÍTULO II. DOS GASTOS

Capítulo I.

Base 14. Nivel de vinculación xurídica. Creación de aplicacións dentro do nivel de vinculación xurídica.
Base 15. Prioridade de pago da débeda pública.
Base 16. Consignación orzamentaria.
Base 17. Retención de créditos.
Base 18. Dos créditos non dispoñibles.

Capítulo II. Execución do Estado

Base 19. Das fases de execución do gasto.
Base 20. Acumulación de fases de execución do gasto.
Base 21. Autorización do gasto.
Base 22. Disposición ou compromiso do gasto.
Base 23. Recoñecemento de obrigacións.
Base 24. Competencia para o recoñecemento de obrigacións. Recoñecemento Extraxudicial de Créditos.
Base 25. Requisitos para o recoñecemento de obrigacións.
Base 26. Tramitación previa ao recoñecemento de obrigacións.
Base 27. Ordenación dos pagos.
Base 28. Endoso ou cesión do dereito de cobro.
Base 29. Xustificación do Pagamento.

Capítulo III. NORMAS ESPECIAIS

Base 30. Das Subvenciones.

FIRMADO POR María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 19/12/2020 18:18:00)
Versión imprimible
CVD: /L4aFpDp5G0k6vTyzfel
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Base 31. Procedemento de Concorrencia Competitiva.
Base 32. Procedemento de Concesión Directa.
Base 33. Outros procedementos de Concesión
Base 34. Pago das subvencións.
Base 35. Pagos a xustificar.
Base 36. Anticipos de caixa fixa.
Base 37. Contratos menores.
Base 38. Gastos de carácter plurianual.
Base 39. Achegas ós Grupos políticos municipais.
Base 40. Retribucións e indemnizacións aos membros da Corporación.
Base 41. Indemnizacións por razón do servizo para os empregados públicos.

TÍTULO III. DOS INGRESOS

Base 42. A Tesourería.
Base 43. Xestión dos Ingresos.
Base 44. Recoñecemento dos Dereitos.
Base 45. Xestión dos Cobros.
Base 46. Operacións de Crédito a Longo Prazo.
Base 47. Operacións de Tesourería.
Base 48. Plan de disposición de fondos.

TÍTULO IV. DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO

Base 49. Liquidación do Orzamento.
Base 50. Tramitación administrativa da Liquidación
Base 51. Determinacións que resultan da Liquidación do Orzamento.
Base 52. Saldos de dubidoso cobro.
Base 53. Depuración de obrigacións e dereitos recoñecidos.

TITULO V. A CONTA XERAL

Base 54. Tramitación da Conta Xeral.

TÍTULO VI. DO CONTROL E FISCALIZACIÓN

Base 55. Exercicio da función interventora.
Base 56. Ámbito de Aplicación.
Base 57. Modalidades de Fiscalización do Expediente.
Base 58. Discrepancias.
Base 59. Normas de fiscalización previa do gasto.
Base 60. Toma de razón en contabilidade.
Base 61. Fiscalización das devolucións de ingresos indebidos.
Base 62. Fiscalización posterior ó recoñecemento do dereito.

TÍTULO VII. DA INFORMACIÓN ORZAMENTARIA E MOVEMENTOS NA TESOURERÍA

Base 63. Información sobre a execución orzamentaria e a Tesourería.

TÍTULO VIII. GASTOS DE PERSOAL.

Capítulo I. Normas xerais.

Base 64. Retribucións dos empregados públicos.
Base 65. Nóminas.
Base 66. Anticipos reintegrables a funcionarios e persoal laboral.

Capítulo II. Normas sobre persoal funcionario.

Base 67. Retribucións. Productividade e Gratificacións.

FIRMADO POR María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 19/12/2020 18:18:00)
Versión imprimible
CVD: /L4aFpDp5G0k6vTyzfel
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Capítulo III. Normas sobre persoal laboral.

Base 68. Persoal laboral.

Capítulo IV. Normas sobre persoal eventual, contratado e interino.

Base 69. Persoal eventual, contratado e interino.

Capítulo V. Xulgado de Paz.

Base 70. Substitución por vacacións da Secretaria do Xulgado de Paz.

FIRMADO POR María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 19/12/2020 18:18:00)
Versión imprimible
CVD: /L4aFpDp5G0k6vTyzfel
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

TÍTULO PRELIMINAR

BASE 1. Ámbito de aplicación das Bases de Execución.

1. Establécense as presentes Bases de Execución do Orzamento de conformidade co previsto nos artigos 165.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e 9 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título IV do citado Texto, tendo por obxecto a adaptación das disposicións xerais en materia orzamentaria á organización e características deste Concello.

2. No Orzamento Xeral intégranse só o Orzamento da propia Entidade, sendo que este Concello non conta con Organismos Autónomos nin Sociedades mercantís de capital integramente pertencente á Entidade Local.

3. As presentes Bases aplicaranse con carácter xeral á execución do Orzamento do Concello correspondente ó exercicio do ano 2021 e, no seu caso, durante a súa prórroga.

4. A xestión dos ditos orzamentos realizarase de conformidade co establecido na *Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local*, *Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo*, *Real Decreto 500/1990 de 20 de abril*, *Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais (*modificada pola *Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo, pola que se modifica a Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais), Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación ás Entidades Locais* e demais disposicións aplicables á Administración Local en materia económico financeira.

5. A Alcaldía – Presidencia da Corporación coidará da execución deste Orzamento e de que se observe e cumpra polas Áreas e Servizos correspondentes de acordo coas disposicións legais vixentes, cos acordos adoptados ou que se poidan adoptar, coas disposicións das Ordenanzas dos diferentes recursos e coas presentes Bases de Execución.

6. Facúltase á Alcaldía – Presidencia desta Corporación para emitir Circulares, e á Intervención a dar as instrucións que sexan precisas, todas elas dirixidas a complementar, interpretar, aclarar e coordinar toda actuación relativa á xestión orzamentaria, tanto na súa vertente de ingresos como de gastos.

TÍTULO I. DO ORZAMENTO E AS SÚAS MODIFICACIÓNS.

FIRMADO POR María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 19/12/2020 18:18:00)
Versión imprimible
CVD: /L4aFpDp5G0k6vTyzfel
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

CAPÍTULO I. CONTIDO.

BASE 2. Contido e estrutura orzamentaria.

1. O Orzamento Xeral do Concello de Lousame para o exercicio económico de 2021 ascende tanto no seu Estado de Gastos como no seu Estado de Ingresos á cantidade de **3.849.892,07 €**

2. Para a confección do Orzamento aplicáronse os criterios de clasificación por programas e por categorías económicas aprobadas pola *Orde do Ministerio de Economía e Facenda EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais* (modificada pola *Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo)*, e a estrutura orgánica propia desta Corporación.

3. Os créditos incluídos no Estado de Gastos do Orzamento do Concello clasificáronse separando as operacións correntes, as de capital e as financeiras, de acordo cos seguintes criterios:

- Grupo de Programa, e se é o caso, programa.
- Clasificación económica, a nivel de subconcepto.
- Non se establece clasificación Orgánica.

A aplicación orzamentaria, cuxa expresión cifrada constitúe o crédito orzamentario, vén definida pola conxunción das dúas clasificacións establecidas: Grupo de Programa ou programa e Subconcepto.

O rexistro contable dos créditos, das súas modificacións e das operacións de execución do gasto, realizarase sobre a aplicación orzamentaria antes definida.

4. As previsións do Estado de Ingresos do Orzamento Xeral do Concello clasificáronse separando as operacións correntes, as de capital e as financeiras, distinguindo: Capítulo, Artigo e Subconcepto, segundo se detalla no Anexo IV ca antedita Orde Ministerial.

CAPÍTULO II. OS CRÉDITOS DO ORZAMENTO.

BASE 3. Carácter limitativo e vinculante dos créditos orzamentarios e prórroga do Orzamento Xeral.

1. Os créditos para gastos destinaranse exclusivamente á finalidade específica para a que foron autorizados no Orzamento Xeral ou nas súas modificacións.

Os créditos autorizados teñen carácter limitativo e vinculante no nivel de vinculación xurídica que expresamente se recolle nestas Bases de Execución, non podendo adquirirse compromisos de gastos en contía superior ó importe dos mesmos coa consecuencia da nulidade de pleno dereito

FIRMADO POR María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 19/12/2020 18:18:00)
Versión imprimible
CVD: /L4aFpDp5G0k6vTyzfel
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

dos acordos, resolucións e actos administrativos que infrinxan a limitación expresada, todo isto de conformidade co disposto no artigo 173.5 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e artigo 25.2 do Decreto 500/1990 que a desenvolve.

O cumprimento das limitacións expresadas no paragrafo anterior deberá verificarse co "nivel de vinculación xurídica" (Base 14) en consonancia co establecido nos artigos 27, 28 e 29 do citado Real Decreto.

2. A dispoñibilidade dos créditos orzamentarios quedará condicionada, en todo caso, a:

— A existencia de documentos fidedignos que acrediten compromisos firmes de achega, en caso de axudas, subvencións, doazóns ou outras formas de cesión de recursos por terceiros tidos en conta nas previsións iniciais do Orzamento a efectos da súa nivelación, e ata o importe previsto nos estados de ingresos en orden á afectación dos ditos recursos na forma prevista pola lei ou, no seu caso, ás finalidades específicas das achegas a realizar.

— A concesión das autorizacións previstas no artigo 53, de conformidade coas regras contidas no capítulo VII do título I do TRLRFL, no caso de que existan previsións iniciais dentro del capítulo IX do estado de ingresos.

3. Nos créditos declarados ampliables a vinculación xurídica establécese a nivel de aplicación orzamentaria.

4. Con cargo ós créditos do estado de gastos do orzamento só poderán contraerse obrigas derivadas de adquisicións, obras, servizos e demais prestacións ou gastos en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario. Non obstante, aplicaranse ós créditos do orzamento vixente, no momento do seu recoñecemento, as obrigacións seguintes:

— As que resulten da liquidación de atrasos a favor do persoal que perciba as súas retribucións con cargo ó orzamento municipal.

— As derivadas de compromisos de gastos debidamente adquiridos en exercicios anteriores. No suposto previsto no artigo 47.5 do Real Decreto 500/1990, requirirase a incorporación previa dos créditos correspondentes.

— As obrigas procedentes de exercicios anteriores a que se refire o artigo 60.2 do Real decreto 500/1990 relativas a recoñecemento extraxudicial de créditos.

5. Se ó iniciar o exercicio económico do ano 2022, non entrase en vigor o Orzamento Xeral correspondente ó citado exercicio, considerarase automaticamente prorrogado o do 2021 até o límite dos seus créditos iniciais.

A prórroga non afectará ós créditos para gastos correspondentes a servizos ou proxectos de investimento que deban concluír no exercicio anterior ou estean financiados con operacións crediticias e outros ingresos específicos ou afectados que fosen a percibirse exclusivamente no devandito exercicio.

A determinación das correspondentes aplicacións do Orzamento Xeral do 2021, que non son susceptibles de prórroga, por estar comprendidas nalgún dos supostos do parágrafo anterior, será

FIRMADO POR María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 19/12/2020 18:18:00)
Versión imprimible
CVD: /L4aFpDp5G0k6vTyzfel
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

establecida mediante Resolución motivada da Presidencia e logo do informe de Intervención. Igualmente, poderanse acumular na correspondente Resolución, acordos sobre a incorporación de remanentes na forma prevista nos artigos 47 e 48 do Real Decreto 500/1990.

Delégase na Alcaldía a declaración de créditos non dispoñibles coa exclusiva finalidade de axustar os créditos iniciais do Orzamento prorrogado ás previsións consideradas no Proxecto de Orzamento Xeral pendente de aprobación.

Mentres dure a vixencia da prórroga poderán aprobarse as modificacións orzamentarias previstas pola Lei.

Aprobado o Orzamento, deberán efectuarse os axustes necesarios para dar cobertura ás operacións efectuadas durante a vixencia do Orzamento prorrogado.

CAPÍTULO III. DAS MODIFICACIÓNS ORZAMENTARIAS.

BASE 4. Tipos de Modificacións Orzamentarias.

1. Cando deba realizarse un gasto que exceda do nivel de vinculación xurídica, sen que exista crédito orzamentario suficiente o adecuado, tramitarase un expediente de modificación de créditos con suxeición ás particularidades reguladas no Real Decreto 500/1990, de 20 de abril e neste Capítulo.

2. As modificacións de crédito que poderán ser realizadas no Orzamento Xeral son as seguintes:

- Créditos extraordinarios.
- Suplementos de créditos.
- Ampliacións de crédito.
- Transferencias de crédito.
- Xeración de créditos por ingresos.
- Incorporación de remanentes de crédito.
- Baixas por anulación.

BASE 5. Normas comúns ás modificacións orzamentarias.

1. Os expedientes serán incoados por orde da Alcaldía – Presidencia.

2. Todo expediente de modificación de créditos será informado pola Intervención.

3. Cando o órgano competente para a súa aprobación sexa o **Pleno da Corporación**, unha vez aprobado inicialmente o expediente de modificación, exporase ó público durante quince días

FIRMADO POR María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 19/12/2020 18:18:00)
Versión imprimible
CVD: /L4aFpDp5G0k6vTyzfel
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

hábiles, podendo os interesados presentar reclamacións. Se durante o citado período non se presentasen reclamacións, a modificación de crédito quedará definitivamente aprobada e, noutro caso, deberá resolver o Pleno no prazo dun mes contado desde a finalización da exposición ó público.

4. Cando a competencia corresponda á Alcaldía – Presidencia, será executiva desde a súa aprobación.

5. As modificacións orzamentarias axustaranse ó disposto nestas Bases e no non previsto polas mesmas será de aplicación o establecido nos artigos 177 e seguintes do *Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo*, os artigos 34 e seguintes do *Real Decreto 500/1990, de 20 de abril*, e o artigo 16 do *Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se Aproba o Regulamento de Desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa Aplicación ás Entidades Locais*.

6. As modificacións orzamentarias someteranse ós principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, coherente coa normativa europea, e de conformidade co previsto nos artigos 3, 4, 11, 12 e 13 da *Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.*

BASE 6. Créditos Extraordinarios e Suplementos de Crédito.

1. Os créditos extraordinarios son aquelas modificacións do Orzamento de gastos mediante os que se asigna crédito para a realización dun gasto específico e determinado, que non pode demorarse ata o exercicio seguinte e para o que non existe crédito.

2. Os suplementos de créditos son aquelas modificacións do Orzamento de gastos nos que concorrendo as mesmas circunstancias anteriores en relación co gasto a realizar, o crédito previsto resulta insuficiente e non pode ser obxecto de ampliación.

BASE 7. Créditos Extraordinarios e Suplementos de Crédito: tramitación

1. A proposta de incoación (da Alcaldía) dos expedientes de concesión de créditos extraordinarios e suplementos de crédito irá acompañada dunha Memoria xustificativa da necesidade da medida, e nela deberá precisarse a clase de modificación a realizar, as aplicacións orzamentarias ás que afecta, e os medios ou recursos que a financian.

2. Os créditos extraordinarios e suplementos de crédito poderanse financiar, en virtude do artigo 36 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, con algún destes recursos:

a) Remanente Líquido de Tesourería.

FIRMADO POR María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 19/12/2020 18:18:00)
Versión imprimible
CVD: /L4aFpDp5G0k6vTyzfel
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

b) Novos ou maiores ingresos efectivamente recadados sobre os totais previstos nalgún concepto do orzamento corrente.
c) Anulacións ou baixas de créditos doutras aplicacións do orzamento vixente non comprometidas, cunhas dotacións que se estimen reducibles sen perturbación do respectivo servizo.
d) Operacións de crédito se os créditos extraordinarios ou suplementos de créditos foran destinados para gastos de inversión.

3. Será necesario incluír Informe de Intervención de Avaliación do Cumprimento do Obxectivo de Estabilidade Orzamentaria, no que se informe sobre o cumprimento ou incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria da propia Entidade Local e dos seus organismos e entidades dependentes.

O incumprimento do principio de estabilidade levará a elaboración dun Plan Económico-Financeiro de conformidade co disposto nos artigos 21 e 23 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

4. A proposta de modificación, previo informe da Intervención, será sometida polo Presidente á aprobación do Pleno da Corporación.

5. Exposición pública do expediente polo prazo de quince días, logo do anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

6. Aprobación definitiva polo Pleno do expediente, no suposto de presentarse reclamacións. Noutro caso, o acordo aprobatorio inicial considérase definitivo sen necesidade de novo acordo plenario.

7. Publicación da modificación, resumida por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia.

8. Remisión de copia do expediente á Comunidade Autónoma e á Administración do Estado.

9. En todo caso será necesario respectar o disposto nos artigos 12.5 e 32 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira no que se refire ós ingresos obtidos por encima do previsto e ó destino do superávit orzamentario.

10. Na tramitación dos expedientes de concesión de créditos extraordinarios e dos suplementos de crédito serán de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade aplicables á aprobación dos Orzamentos da Entidade.

11. Igualmente serán aplicables as normas referentes ós recursos contencioso – administrativos contra os Orzamentos desta Entidade Local.

BASE 8. Créditos ampliables

1. Terán a natureza de créditos ampliables os financiados con recursos expresamente afectados, excepto os procedentes de operacións de crédito, salvo os de tesourería, todo isto de conformidade co disposto no artigo 39.1 do *Decreto 500/1990*.

FIRMADO POR María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 19/12/2020 18:18:00)
Versión imprimible
CVD: /L4aFpDp5G0k6vTyzfel
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

2. Sen prexuízo do exposto, ó formalizarse os ingresos e os gastos referidos, farase constar, respectivamente, as expresións " Ingreso afectado á aplicación....." e " ampliación efectuada con base no concepto.....".

3. Os expedientes tramitaranse polo servizo de Intervención municipal, a proposta de quen teña ó seu cargo a xestión dos créditos, e nos mesmos especificaranse os medios ou recursos que financian o maior gasto, acreditándose, en todo caso, o recoñecemento en firme dos dereitos que financien o crédito que se pretenda ampliar e que os citados dereitos supoñan maiores recursos sobre os previstos nos respectivos conceptos orzamentarios.

4. A aprobación dos expedientes de ampliación de créditos, co informe previo da Intervención, corresponderá á Alcaldía por Decreto.

5. Non se establece ningunha aplicación orzamentaria con consideración de ampliable no Orzamento Xeral, e se durante o exercicio se producise a necesidade de declarar algunha con tal carácter, efectuaríase mediante a modificación das presentes Bases de Execución e, en concreto, incluíndo na presente base as ditas aplicacións orzamentarias co recurso afectado que corresponda.

BASE 9. Transferencias de Créditos

1. Transferencia de crédito é aquela modificación do Estado de Gastos do Orzamento mediante a que, sen alterar a contía total do mesmo, se imputa o importe total ou parcial dun crédito a outras aplicacións orzamentarias con diferente vinculación xurídica.

2. As transferencias de crédito estarán suxeitas ás limitacións establecidas nos artigos 40 a 42 do *Real Decreto 500/1990* que son as seguintes:

a) Non afectarán ós créditos ampliables nin ós extraordinarios concedidos durante o exercicio.
b) Non poderán minorarse os créditos que fosen incrementados con suplementos ou transferencias, salvo cando afecten a créditos de persoal, nin os créditos incorporados como consecuencia de remanentes non comprometidos procedentes de Orzamentos pechados.
c) Non se incrementarán créditos que, como consecuencia doutras transferencias, sexan obxecto de minoración, salvo cando afecten a créditos de persoal.

Non obstante, estas limitacións non afectarán ás transferencias de crédito que se refiran ós programas de imprevistos e funcións non clasificadas nin serán de aplicación cando se trate de transferencias motivadas por reorganizacións administrativas aprobadas polo Pleno.

3. A aprobación do expediente de transferencias de crédito cando afecten a aplicacións de distinta área de gasto, corresponde ó Pleno da Corporación, salvo cando afecten a créditos de persoal (artigo 40.3 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril).

Nestes casos serán de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade aplicables á aprobación dos orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 20 e 22 do Real

FIRMADO POR María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 19/12/2020 18:18:00)
Versión imprimible
CVD: /L4aFpDp5G0k6vTyzfel
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Decreto 500/1990, de 20 de abril, así como ó réxime dos recursos contenciosos administrativos do artigo 23 (artigo 42 de dito Real Decreto).

4. A aprobación dos expedientes de transferencias de crédito cando afecten a aplicacións da mesma área de gasto ou a créditos de persoal, corresponde á Alcaldía da Corporación, mediante Decreto, previo informe de Intervención, e serán inmediatamente executivas.

5. Na tramitación dos expedientes de transferencia de crédito, cuxa aprobación corresponde ó Pleno, serán de aplicación as normas sobre información, reclamacións, publicidade e réxime de recursos contencioso – administrativos aplicables á aprobación dos Orzamentos da Entidade.

6. De acordo co disposto no art. 31 do *R.D. 500/1990* mencionado, en todo expediente de transferencia de crédito será requisito indispensable para a súa tramitación a certificación previa da existencia de crédito suficiente na aplicación correspondente que deba ceder crédito. Esta certificación será expedida pola Intervención co correspondente documento contable "RC".

7. Non terán a consideración legal de transferencias, as alteracións de crédito entre aplicacións orzamentarias pertencentes a un mesmo nivel de vinculación xurídica.

BASE 10. Xeración de crédito por novos ingresos

1. Poderán xerar créditos nos estados de gastos do orzamento os ingresos de natureza non tributaria derivados das operacións seguintes (artigo 181 do *Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de mar*zo e artigos 43, 44 e 55 do *Real Decreto 500/1990, de 20 de abril*):

a) Achegas ou compromisos firmes de achega, de persoas físicas ou xurídicas para financiar, xuntamente co Concello, gastos que pola súa natureza están comprendidos nas finalidades ou obxectivos do mesmo.

b) Alleamento de bens do Concello.

En ámbolos dous supostos a) e b) será requisito indispensable para que se xere o crédito que se dea o acto formal do compromiso firme de achega ou o recoñecemento do dereito, extremo que deberá ser acreditado documentalmente no expediente tramitado.

c) Prestacións de servizos polos que se teñan liquidado prezos públicos en contía superior á presupostada.

d) Reembolso de préstamos.

Nestes dous supostos c) e d) o crédito xerarase no momento de recoñecemento do dereito, se ben a dispoñibilidade de ditos créditos estará condicionada á efectiva recadación dos dereitos; extremos que serán acreditados pola unidade de contabilidade.

FIRMADO POR María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 19/12/2020 18:18:00)
Versión imprimible
CVD: /L4aFpDp5G0k6vTyzfel
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

e) Os importes procedentes de reintegros de pagamentos indebidos con cargo ó orzamento corrente en canto á reposición de créditos na correlativa aplicación orzamentaria.

Neste suposto será requisito indispensable para que se xere o crédito a efectividade do reintegro, extremo que deberá ser acreditado por Intervención.

2. A xeración de créditos por ingresos esixirá a tramitación dun expediente, incoado pola Alcaldía, no que se acredite o recoñecemento de maiores dereitos sobre os previstos no orzamento de ingresos.

3. Logo do informe da Intervención, a aprobación dos expedientes de xeración de créditos corresponde á Alcaldía, mediante Decreto. Debe deixarse constancia:

— Da correlación entre o ingreso e o crédito xerado
— Os conceptos de ingreso onde se produce un ingreso ou compromiso non previsto no orzamento inicial ou que exceda da súa previsión inicial e a súa contía.
— As aplicacións orzamentarias do estado de gastos e o crédito xerado como consecuencia dos ingresos afectados.

BASE 11. Incorporación de remanentes de crédito

1. Son remanentes de crédito aqueles que ó peche e liquidación do orzamento non estean suxeitos ó cumprimento de obrigacións recoñecidas, é dicir, aqueles que non chegaron á fase de recoñecemento da obrigación (fase O), por tanto, son créditos non gastados.

Os remanentes de crédito estarán formados polos seguintes compoñentes:

- Os saldos de disposicións ou diferenza entre gastos dispostos ou comprometidos e obrigas recoñecidas.
- Os saldos de autorizacións ou diferenza ente os gastos autorizados e os gastos comprometidos.
- Os saldos de crédito ou suma de créditos dispoñibles, créditos non dispoñibles e créditos retidos pendentes de autorizar.

2. Os remanentes de crédito, para os efectos da súa posible incorporación ó exercicio seguinte, poderán atoparse nas seguintes situacións:

a) Remanentes de crédito non incorporables.

En ningún caso serán incorporables os créditos declarados non dispoñibles nin os remanentes de crédito incorporados no exercicio que se liquida, salvo aqueles que estivesen financiados con recursos afectados.

b) Remanentes de crédito de incorporación voluntaria.

FIRMADO POR María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 19/12/2020 18:18:00)
Versión imprimible
CVD: /L4aFpDp5G0k6vTyzfel
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Poderán ser incorporados ós correspondentes créditos dos Orzamentos de Gastos do exercicio inmediato seguinte, os remanentes de crédito non utilizados procedentes de:

1. Créditos extraordinarios, suplementos de crédito e transferencias de crédito que sexan concedidos ou autorizados no último trimestre do exercicio.
2. Créditos que amparen disposicións ou compromisos de gastos do exercicio anterior, a que se fai referencia no artigo 26.2,b) do Real decreto 500/1990.
3. Créditos por operacións de capital.
4. Os créditos autorizados en función da efectiva recadación dos dereitos afectados.

c) Remanentes de crédito de incorporación obrigatoria.

Os remanentes de crédito que amparen proxectos financiados con ingresos afectados deberán incorporarse obrigatoriamente ó exercicio seguinte, salvo que se desista total ou parcialmente de iniciar ou continuar a execución do gasto, ou que se faga imposible a súa realización.

3. A incorporación dos remanentes de crédito detallados nos parágrafos anteriores quedará subordinada ó cumprimento dos seguintes requisitos:

- Os remanentes de crédito derivados de créditos extraordinarios, suplementos de crédito e transferencias de crédito concedidos ou autorizados no último trimestre, deberán ser aplicados para os mesmos gastos que motivaron, en cada caso, a súa concesión e autorización, poderán ser aplicados tan só dentro do exercicio orzamentario seguinte e quedarán subordinados á existencia de suficientes recursos financeiros.
- En relación cos créditos que amparen compromisos de gastos do exercicio anterior, os remanentes incorporados poderán ser aplicados tan só dentro do exercicio orzamentario seguinte e deberán contar con suficientes recursos financeiros.
- Ós créditos financiados con recursos afectados non lle serán de aplicación as regras de limitación no número de exercicios, aínda que deberán contar con suficientes recursos financeiros.

4. Para os efectos de incorporación de remanentes de crédito consideraranse recursos financeiros:

a) O remanente líquido de Tesourería.
b) Novos ou maiores ingresos recadados sobre os totais previstos no orzamento.

No caso de incorporación de remanentes de crédito para gastos con financiamento afectado consideraranse recursos financeiros suficientes:

a) En primeiro lugar, os excesos de financiamento e os compromisos firmes de achega afectados ós remanentes que se pretende incorporar.
b) Na súa falta, os recursos mencionados no parágrafo anterior.

5. As propostas de incorporación de remanentes terán en conta as seguintes prioridades:

1º. Os recursos financeiros dispoñibles aplicaranse en primeiro termo á incorporación de remanentes de crédito que amparen proxectos de gastos financiados con ingresos afectados.

FIRMADO POR María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 19/12/2020 18:18:00)
Versión imprimible
CVD: /L4aFpDp5G0k6vTyzfel
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

2º. O exceso, se o houber, destinarase a financiar a incorporación de remanentes de crédito que amparen disposicións ou compromisos de gasto de exercicios anteriores.
3º. Os recursos financeiros que resulten tras as incorporacións expostas aplicaranse á incorporación dos restantes remanentes de crédito de carácter voluntario.

6. No caso de que se produciran alteracións na codificación das clasificacións orgánica, por programas ou económica, con respecto ó Orzamento anterior, a Intervención, deberá proceder a actualizar os créditos a incorporar.

7. Con carácter xeral, a liquidación do Orzamento precederá á incorporación de remanentes. Excepcionalmente, caberá a incorporación de remanentes sen necesidade de previa liquidación nos seguintes casos:

a) Cando se trate de remanentes de crédito que correspondan a gastos financiados con ingresos afectados.
b) Cando correspondan a contratos adxudicados no exercicio anterior ou a gastos urxentes, previo informe de Intervención no que se avaliará a existencia de suficientes recursos financeiros e que a incorporación non producirá déficit.

8. A aprobación dos expedientes de incorporación de remanentes de crédito, previo informe de Intervención, corresponde á Alcaldía, mediante Decreto, dando conta ó Pleno na primeira sesión que teña lugar.

BASE 12. Baixas por anulación

1. Baixa por anulación é a modificación do Estado de Gastos do Orzamento que supón unha diminución total ou parcial no crédito asignado a unha aplicación (artigo 49 do *Real Decreto 500/1990, de 20 de abril*).

2. Cando a Alcaldía estime que o saldo dun crédito é reducible ou anulable sen perturbación do servizo poderá ordenar, previo informe da Intervención, a incoación dun expediente de baixa por anulación, sendo competencia do Pleno do Concello a súa aprobación.

3. Poderá darse de baixa por anulación calquera crédito do orzamento de gastos ata a contía correspondente ó saldo de crédito sempre que a dita dotación se estime reducible ou anulable sen perturbación do respectivo servizo (artigo 50 do *Real Decreto 500/1990, de 20 de abril*).

4. Poderán dar lugar a unha baixa de crédito, conforme ó artigo 51 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril:

— O financiamento de remanentes de tesourería negativos.
— O financiamento de créditos extraordinarios e suplementos de crédito.
— A execución doutros acordos do Pleno da Entidade Local.

FIRMADO POR María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 19/12/2020 18:18:00)
Versión imprimible
CVD: /L4aFpDp5G0k6vTyzfel
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

BASE 13. Modificacións do Estado de Ingresos

No caso de que non coincidan as previsións dos capítulos IV e VII do Estado de Ingresos cos Compromisos de Ingresos concertados para o financiamento de gastos afectados; e co obxectivo de evitar a inexecutabilidade dos mesmos, por aplicación do artigo 173.6 do TRLRFL, autorízase a realizar os axustes necesarios no Estado de Ingresos para acomodarse aos Compromisos de Ingresos concertados.

A competencia para a aprobación destas modificacións orzamentarias será do Alcalde, cando afecten só ao Estado de Ingresos do Orzamento.

TÍTULO II. DOS GASTOS

CAPÍTULO I

BASE 14. Nivel de vinculación xurídica. Creación de aplicacións dentro do nivel de vinculación xurídica

Os Niveis de Vinculación Xurídica que se establecen son:

— A nivel de área de gasto, respecto á clasificación por programas.
— A nivel de capítulo, polo que se refire á clasificación económica.
— Nos proxectos de gastos (PG), isto é gastos específicos que contan cun financiamento alleo (total ou parcial) e, no seu caso, cunha achega municipal, vincularán en si mesmos, até o límite do seu financiamento.

***Creación de aplicacións orzamentarias dentro dun nivel de vinculación*:**

Este parágrafo será de aplicación a aqueles supostos nos que, sempre que exista dotación orzamentaria para un ou varios conceptos dentro do nivel de vinculación xurídica establecido (Área de Gasto – Capítulo), se pretenda imputar gastos a outros conceptos / subconceptos do mesmo nivel de vinculación no que non figuren abertas na contabilidade aplicacións orzamentarias de gastos.

Neste caso, non será preciso aprobar ningún expediente de modificación de crédito, pero no primeiro documento contable que se tramite con cargo a tales conceptos (A, AD ou ADO) haberá que facer constar tal circunstancia mediante dilixencia en lugar visible que indique: "*Primeira operación imputada ao concepto*"

FIRMADO POR María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 19/12/2020 18:18:00)
Versión imprimible
CVD: /L4aFpDp5G0k6vTyzfel
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

BASE 15. Prioridade do pago da débeda pública

En observancia do artigo 14 Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira e do artigo 135 da Constitución española, os créditos orzamentarios para satisfacer os intereses e o capital da débeda pública das Administracións entenderanse sempre incluídos no estado de gastos dos seus Orzamentos e non poderán ser obxecto de emenda ou modificación mentres se axusten ás condicións da Lei de emisión.

Así mesmo, o pago dos intereses e o capital da débeda pública das Administracións Públicas gozarán de prioridade absoluta fronte a calquera outro gasto.

BASE 16. Consignación orzamentaria

As consignacións do Estado de Gastos constitúen o límite máximo das obrigacións que se poden recoñecer para o fin a que están destinadas, sen que a mera existencia de crédito orzamentario presupoña autorización previa para realizar gasto algún nin obrigación do Concello a abonalas, nin dereito de aqueles a que se refiren a esixir a aprobación do gasto e o seu pago sen o cumprimento dos trámites de execución orzamentaria.

BASE 17. Retención de créditos

1. Cando a Alcaldía considere necesario reter, total ou parcialmente, crédito dunha aplicación orzamentaria, de cuxa execución é responsable, formulará proposta razoada á Intervención municipal.

2. Retención de Crédito é o documento que, expedido por Intervención, certifica a existencia de saldo adecuado e suficiente nunha aplicación orzamentaria para a autorización dun gasto ou dunha transferencia de crédito, por unha contía determinada, producindo polo mesmo importe unha reserva para dito gasto ou transferencia.

3. A suficiencia de crédito verificarase:

- En todo caso, ao nivel a que estea establecida a vinculación xurídica do crédito.
- Ao nivel da aplicación orzamentaria contra a que se certifique, cando se trate de retencións destinadas a financiar transferencias de crédito.

4. As Retencións de Crédito expediranse pola Intervención.

FIRMADO POR María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 19/12/2020 18:18:00)
Versión imprimible
CVD: /L4aFpDp5G0k6vTyzfel
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

BASE 18. Créditos non dispoñibles

1. Os gastos que deban de financiarse, total ou parcialmente, mediante ingresos afectados como préstamos, alleamentos, axudas, subvencións, doazóns ou outras formas de cesión de recursos por terceiros, quedarán en situación de créditos non dispoñibles, até o importe previsto nos Estados de Ingresos, até que:

- No caso de gastos que se financien mediante préstamo, até que se conceda a autorización correspondente, se é necesaria, ou até que se formalice a operación, cando non sexa necesaria a autorización.
- No resto de gastos, até que exista documento fidedigno que acredite o compromiso firme de contribución.

2. A declaración de non dispoñibilidade de créditos, así como a súa reposición a dispoñible, corresponde ó Pleno.

3. Con cargo ao saldo declarado non dispoñible non poderán acordarse autorizacións de gastos nin transferencias e o seu importe non poderá ser incorporado ao Orzamento do exercicio seguinte.

CAPÍTULO II. EXECUCIÓN DO ESTADO DE GASTOS.

BASE 19. Das fases de execución do gasto

1. A xestión dos gastos previstos no Orzamento deste Concello realizarase nas seguintes fases:

- Autorización do gasto (fase A).
- Disposición ou compromiso do gasto (fase D).
- Recoñecemento e liquidación da obrigación (fase O).
- Ordenación do pago (fase P).

2. É requisito necesario para a autorización do gasto a existencia de saldo de crédito adecuado e suficiente polo que ao inicio de todo expediente susceptible de producir obrigacións de contido económico deberá incorporarse ao mesmo o documento de Retención de Créditos expedido pola Intervención do Concello.

BASE 20. Acumulación de fases de execución do gasto

FIRMADO POR María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 19/12/2020 18:18:00)
Versión imprimible
CVD: /L4aFpDp5G0k6vTyzfel
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

1. Un mesmo acto administrativo poderá abarcar máis dunha das fases de execución do Orzamento de gastos enumeradas na Base 19, podéndose dar os seguintes casos:

- Autorización – disposición (AD)
- Autorización – disposición – recoñecemento da obrigación (ADO)

2. O acto administrativo que acumule dúas ou máis fases producirá os mesmos efectos que se ditas fases se acordaran en actos administrativos separados.

2. Nestes casos, o órgano que adopte o acordo haberá de ter competencia para acordar todas e cada unha das fases que sexan obxecto de acumulación.

BASE 21. Autorización do gasto

1. A autorización é o acto administrativo mediante o cal se acorda a realización dun gasto determinado por unha contía certa ou aproximada, reservando a tal fin a totalidade ou parte dun crédito orzamentario (artigo 54.1 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril).

2. A autorización constitúe o inicio do procedemento de execución do gasto, se ben non implica relacións con terceiros externos á Entidade Local.

3. Dentro do importe dos créditos autorizados no Orzamento Municipal, a autorización corresponderá segundo os casos, á Alcaldía, ó Pleno do Concello ou á Xunta de Goberno Local, segundo se expresa a seguir:

a) Á Alcaldía:

- Autorización dos gastos que estean dentro das materias da súa competencia e que non fosen delegadas na XGL.
- Os demais que expresamente lle estean atribuídos polas Leis e os que estas asignen ó Municipio sen determinar expresamente o órgano.

b) Ao Pleno do Concello:

- Autorización dos gastos que estean dentro das materias da súa competencia e que non fosen delegadas noutros órganos (Alcaldía ou XGL).
- Os que presupoñan o recoñecemento extraxudicial de créditos, nos termos que sinala o artigo 23, apartado e) do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril; operacións especiais de crédito ou concesións de “quita e espera”.
- Os demais gastos que expresamente lle sexan conferidos polas Leis.

c) A Xunta de Goberno Local:

- Outros gastos dimanantes das delegacións que expresamente lle outorgue a Alcaldía ou o Pleno da Corporación.

FIRMADO POR María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 19/12/2020 18:18:00)
Versión imprimible
CVD: /L4aFpDp5G0k6vTyzfel
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

BASE 22. Disposición ou compromiso do gasto

1. A disposición ou compromiso é o acto administrativo mediante o cal se acorda, tras o cumprimento dos trámites legalmente establecidos, a realización de gastos, previamente autorizados, por un importe exactamente determinado (artigo 54 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril).

2. A disposición ou compromiso é un acto con relevancia xurídica para con terceiros, vinculando á Entidade Local á realización dun gasto concreto e determinado tanto na súa contía como nas condicións de execución.

3. Dentro do importe dos créditos autorizados corresponde a disposición dos gastos segundo os casos, á Alcaldía, ao Pleno do Concello ou á Xunta de Goberno Local, segundo se expresa a seguir:

b) Á Alcaldía:

- Disposición ou compromiso dos gastos que estean dentro das materias da súa competencia e que non fosen delegadas na XGL.
- Os demais que expresamente lle estean atribuídos polas Leis e os que estas asignen ó Municipio sen determinar expresamente o órgano.

b) Ao Pleno do Concello:

- Disposición ou compromiso de gastos que estean dentro das materias da súa competencia e que non fosen delegadas noutros órganos (Alcaldía ou XGL).
- Os que presupoñan o recoñecemento extraxudicial de créditos, nos termos que sinala o artigo 23, apartado e) do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril; operacións especiais de crédito ou concesións de "quita e espera".
- Os demais gastos que expresamente lle sexan conferidos polas Leis.

c) A Xunta de Goberno Local:

- Outros gastos dimanantes das delegacións que expresamente lle outorgue a Alcaldía ou o Pleno da Corporación.

4. O compromiso de gastos deberá rexistrarse na contabilidade, soportándose no documento contable D.

BASE 23. Recoñecemento da obrigación

FIRMADO POR María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 19/12/2020 18:18:00)
Versión imprimible
CVD: /L4aFpDp5G0k6vTyzfel
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

1. O recoñecemento e liquidación da obrigación é o acto mediante o cal se declara a existencia dun crédito esixible contra a Entidade, derivado dun gasto autorizado e comprometido (artigo 58 do *Real Decreto 500/1990, de 20 de abril*).

2. Previamente ao recoñecemento das obrigacións deberá acreditarse documentalmente ante o órgano competente a realización da prestación ou o dereito do acredor, de conformidade cos acordos que no seu día autorizaron e comprometeron o gasto.

3. A simple prestación dun servizo ou realización dunha subministración ou obra non é título suficiente para que o Concello se recoñeza debedor por tal concepto, se aqueles non foron aprobados, requiridos ou solicitados por órgano competente na forma legal ou regulamentariamente establecida.

BASE 24. Competencia para o Recoñecemento de Obrigacións. Recoñecemento Extraxudicial de Créditos (REC)

1. Corresponderá á **Alcaldía** (ou en quen delegue) o recoñecemento e a liquidación de obrigacións derivadas dos compromisos de gastos legalmente adquiridos.

Con cargo ós créditos do estado de gastos do orzamento vixente só poderán contraerse obrigas derivadas de adquisicións, obras, servizos e demais prestacións ou gastos en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario. Non obstante, aplicaranse ós créditos do orzamento vixente, no momento do seu recoñecemento, as obrigacións seguintes:

- As que resulten da ***liquidación de atrasos a favor do persoal*** que perciba as súas retribucións con cargo ó orzamento municipal.

- As derivadas de ***compromisos de gastos (fase D) debidamente adquiridos*** en ***exercicios anteriores***. No suposto previsto no artigo 47.5 do Real Decreto 500/1990 (*proxectos de gasto con financiación afectada*), requirirase a incorporación previa dos créditos correspondentes.

- ***Gastos de tracto sucesivo:*** Correspóndelle á Alcaldía a aprobación de gastos de tracto sucesivo, cando a documentación xustificativa do último período facturado no ano (*mensual, trimestral, semestral ou outra periodicidade*) se recibe no exercicio seguinte ao da prestación do servizo (*enerxía eléctrica, telefonía, contratos de tracto sucesivo e outros de natureza análoga*) e sen necesidade de tramitar un recoñecemento extraxudicial de créditos. O recoñecemento da obriga imputarase automaticamente á aplicación orzamentaria do exercicio corrente.

2. Corresponderá ó **Pleno** da Entidade o recoñecemento das obrigacións nos seguintes casos:

- O recoñecemento extraxudicial de créditos, sempre que non exista dotación orzamentaria.
- As operacións especiais de crédito.
- As concesións de quita e espera.

FIRMADO POR María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 19/12/2020 18:18:00)
Versión imprimible
CVD: /L4aFpDp5G0k6vTyzfel
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

3. A figura do ***Recoñecemento Extraxudicial de Créditos*** (REC):

O REC consiste no recoñecemento de obrigas por parte do órgano competente, derivadas de gastos de exercicios anteriores, coas excepcións recollidas no parágrafo primeiro desta Base 24.

O órgano competente para a aprobación do REC será:

3.1. A **Alcaldía**, nos seguintes supostos:

— Gastos de exercicios pechados que non derivan de compromisos debidamente adquiridos (*por exemplo, gastos que non puideron ser imputados ao exercicio de orixe por falta de crédito axeitado e suficiente)*, sempre que exista dotación orzamentaria específica, aprobada polo Pleno Corporativo, para os ditos gastos.

Existirá dotación orzamentaria específica, cando o orzamento en vigor (aprobado polo Pleno Corporativo) prevexa os créditos específicos para os ditos gastos de exercicios pechados, de xeito concreto e detallado; xa sexa nos seus créditos iniciais, ou como consecuencia dunha modificación orzamentaria (cuxa aprobación sexa competencia do Pleno Corporativo).

Unha vez que exista esa dotación orzamentaria específica, coa entrada en vigor do Orzamento ou da modificación orzamentaria de competencia plenaria, a Alcaldía será o órgano competente para a aprobación do REC.

— Gastos de exercicios pechados, para os que existía crédito no orzamento de orixe, no corrente, e nos orzamentos intermedios, pero que por algunha circunstancia non puideron ser aplicados ao orzamento que lles correspondía. Este REC imputarase automaticamente á aplicación orzamentaria do exercicio corrente.

3.2 O **Pleno Corporativo**, nos demais supostos.

BASE 25. Requisitos para o recoñecemento de obrigacións

Para o recoñecemento das obrigacións cumpriranse os requisitos seguintes:

1. Nos Gastos de persoal:

— Terá a consideración de documento xustificativo da obriga a liquidar as correspondentes nóminas, aprobadas por Resolución de Alcaldía.
— As retribucións do persoal funcionario e laboral xustificaranse mediante as nóminas mensuais, coa sinatura, selo e dilixencias que procedan, acreditativas de que o persoal relacionado prestou servizos no período e que as retribucións que figuran en nómina son as que corresponden ó posto, categoría e/ou contrato asinados.
— As gratificacións e complemento de produtividade do persoal funcionario e laboral, xustificaranse mediante Memoria da Alcaldía, no que se acredite que se prestaron os

FIRMADO POR María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 19/12/2020 18:18:00)
Versión imprimible
CVD: /L4aFpDp5G0k6vTyzfel
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

servizos especiais, ou que procede abonar cantidade polo concepto de produtividade, de acordo coa normativa reguladora da mesma; e que tamén será obxecto de aprobación mediante Resolución de Alcaldía.

— As cotas de Seguridade Social quedan xustificadas mediante as liquidacións correspondentes.

2. Os Gastos de xuros e amortización de préstamos concertados e vixentes que orixinen un cargo directo en conta bancaria, xustificaranse de conformidade co cadro de amortización do préstamo. No caso das cotas de préstamos (amortización e/ou xuros) e outros gastos financeiros (comisións bancarias) que se carguen nas contas bancarias pola entidade financeira correspondente, será suficiente a conformidade da Alcaldía (ou órgano en quen delegue) no xustificante do gasto para entender aprobada a autorización, disposición ou compromiso e o recoñecemento da obriga, sen que sexa precisa unha resolución administrativa. A imputación orzamentaria deste gasto realizarase con efectos do día do seu cargo na Tesourería.

3. A adquisición de accións esixirá para o pago que as mesmas, ou resgardo válido, obren en poder da Corporación; non obstante, excepcionalmente poderase anticipar o pago á entrega das accións ou o seu resgardo, pago que terá o carácter de "Pago a xustificar", supoñendo a entrega das accións ou o seu resgardo a xustificación do gasto.

4. Nas subvencións estarase ó regulado nas presentes Bases sobre concesión e xustificación.

5. No resto de gastos, a factura debidamente emitida ou documento equivalente (para o caso de que non haxa obriga de expedir factura), e deberá achegarse a aquela a certificación de obra, cando proceda. Con referencia ás facturas ou documentos equivalentes, deberán levar dilixencia subscrita polo xefe do servizo, polo seu encargado, ou, no seu caso, pola Alcaldía ou concelleiro-delegado, que acredite a recepción e conformidade das obras, servizos, subministracións, materiais, etc. que estas comprendan.

6. Terán a consideración de documentos xustificativos da obriga a liquidar as ordes de servizo para as dietas/axudas de custo e gastos de viaxe, de conformidade coa súa normativa reguladora. Do mesmo xeito, terán a consideración de documentos xustificativos da obriga de liquidar a Declaración Xurada do empregado público onde se especifique a comisión de servizo que da lugar á vindicación da dieta e gasto de viaxe, onde conste expresamente a autorización da Alcaldía (ou órgano en quen delegue) á realización da dita comisión de servizo.

BASE 26. Tramitación previa ao recoñecemento de obrigacións

1. Os documentos xustificativos do recoñecemento da obrigación, incluso as certificacións de obras, presentaranse no Rexistro Xeral deste Concello, a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas FACe ou directamente no Rexistro de Facturas do Concello (as excluídas por este Concello da obriga de facturación electrónica), dentro dos trinta días seguintes á súa expedición. No caso de que entre a data do documento e a data de presentación no Rexistro exista unha diferenza, tomarase esta última data como referencia para o seu pago, ós efectos do establecido pola normativa de contratación pública.

FIRMADO POR María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 19/12/2020 18:18:00)
Versión imprimible
CVD: /L4aFpDp5G0k6vTyzfel
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

2. Toda factura deberá conter, como mínimo, os seguintes datos (Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro):

A) Facturas electrónicas: Deberán axustarse o formato "FACTURAE" establecido polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

B) As excluídas por este Concello da obriga de facturación electrónica:

- Número e, no seu caso, serie.
- Lugar e data de expedición.
- Nome e apelidos ou razón social do emisor das facturas.
- Domicilio do emisor da factura.
- NIF ou CIF do emisor da factura.
- Datos do receptor da factura (Concello de Lousame): Denominación, domicilio e CIF/NIF, coa indicación do centro orgánico que efectuou o encargo.
- Descrición das operacións ou produtos que se facturan, contendo todos os datos necesarios para a determinación da base impoñible das operacións, incluíndo o número e clase de unidades servidas e prezos unitarios sen impostos de cada operación así como calquera desconto ou rebaixa que non estea incluído no dito prezo unitario.
- A base impoñible e o tipo impositivo de IVE aplicado ás operacións, ou a mención á exención de IVE e o artigo e lei na que se recolle o dereito a tal exención.
- O importe da aplicación do tipo de IVE ás operacións realizadas.
- No seu caso, a retención a conta do IRPF que proceda.
- O importe total da factura.

3. Recibidas as facturas ou documentos equivalentes no Concello, e unha vez rexistradas no Rexistro de Facturas, trasladaranse á Sección, Área ou Departamento que encargou o gasto, ao obxecto de que poidan ser conformadas coa sinatura do funcionario ou persoa responsable, e, en todo caso, pola Alcaldía ou concelleiro delegado, implicando dito acto que a prestación se efectuou de acordo coas condicións contractuais.

4. Unha vez conformadas e asinadas as facturas ou documentos equivalentes, trasladaranse á Intervención municipal a efectos da súa fiscalización, contabilización e posterior aprobación polo órgano competente, nos casos que proceda, e o seu posterior pago.

5. Excepcionalmente, autorízase o cargo en conta bancaria das facturas ou documentos equivalentes correspondentes a:

- Tributos.
- Gastos financeiros e amortizacións de préstamos concertados e vixentes.

6. Deberán emitir a factura en formato electrónico, de forma obrigatoria, en virtude do artigo 4 da Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no sector público:

- Sociedades Anóminas (SA)
- Sociedades de Responsabilidade Limitada (SL)

FIRMADO POR María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 19/12/2020 18:18:00)
Versión imprimible
CVD: /L4aFpDp5G0k6vTyzfel
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

- Persoas xurídicas e entidades sen personalidade xurídica que carezan de nacionalidade española
- Establecementos permanentes e sucursais de entidades non residentes en territorio español nos termos que estableza a normativa tributaria
- Unións Temporais de Empresas (UTE)
- Agrupacións de interese económico, Agrupación de interese económico europeo, Fondo de Pensións, Fondo de capital risco, Fondo de investimentos, Fondo de utilización de activos, Fondo de regularización do mercado hipotecario, Fondo de titulización hipotecaria ou Fondo de garantía de investimentos.

BASE 27. Ordenación dos pagos

1. A ordenación do pago é o acto mediante o cal o ordenador de pagos, sobre a base dunha obrigación recoñecida e liquidada, espide a correspondente orde de pago contra a Tesourería Municipal (artigo 61 do real *Decreto 500/1990, de 20 de abril*).

2. É competencia da Alcaldía a función da ordenación de pagos.

3. A Alcaldía poderá delegar o exercicio das funcións da ordenación de pagos, de acordo co establecido nos artigos 21.3 da *Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local*, e 61.3 da *Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia* (artigo 62 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril).

4. A expedición de ordes de pago acomodarase ó Plan de disposición de fondos que para o efecto se estableza pola Presidencia. O Plan de disposición de fondos considerará aqueles factores que faciliten unha eficiente e eficaz xestión da Tesourería da Entidade e recollerá necesariamente a prioridade dos gastos de persoal e das obrigacións contraídas en exercicios anteriores (artigo 65 do *Real Decreto 500/1990*).

5. O **acto administrativo da ordenación** materializarase en relacións de ordes de pago que recollerán, como mínimo e para cada das obrigacións incluídas, os seus importes bruto e líquido, a identificación do acredor e a aplicación ou aplicacións orzamentarias a que deban imputarse as operacións (Artigo. 60 RD 500/1990).

Así mesmo, a ordenación do pago poderá efectuarse individualmente respecto de obrigacións específicas e concretas (artigo 66 do *Real Decreto 500/1990, de 20 de abril*).

6. O pagamento material mediante un sistema telemático (banca electrónica) conectado á entidade financeira esixirá o uso do contrasinal polos tres craveiros: Alcaldía, Intervención e Tesourería. Tamén será necesaria a sinatura da Tesourería no documento no que se reflicta o resultado da operación realizada por medios telemáticos.

7. O pagamento material nos demais casos, será xustificado pola Tesourería mediante a "carta de recepción" do interesado ou orde de transferencia bancaria debidamente dilixenciada pola entidade financeira.

FIRMADO POR María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 19/12/2020 18:18:00)
Versión imprimible
CVD: /L4aFpDp5G0k6vTyzfel
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

BASE 28. Endoso ou cesión do dereito de cobro

1. Toda obrigación recoñecida a favor de terceiros por este Concello, poderá ser endosada, de acordo coa lexislación vixente.

2. O endoso procederá unha vez os documentos xustificativos da obrigación cumpran os trámites que se establecen nas Bases anteriores para o Recoñecemento de Obrigacións.

BASE 29. Xustificación do pagamento

1. Para a realización do pagamento será necesario que o documento acreditativo do gasto (factura, certificación de obra, etc.) conteña todos os requisitos legais, debendo recollerse a identificación, tanto no citado documento como na correspondente orde de pagamento, e a sinatura do "recibín" da persoa interesada ou representante debidamente autorizado, si se fai en presenza do asinante. Noutro caso xustificarase mediante transferencia bancaria.

2. No relativo ás nóminas do persoal deberá xustificarse, mediante dilixencia do funcionario, persoa responsable ou Alcaldía, a prestación dos servizos que se retribúen, así como coa sinatura do "recibín" pola persoa interesada, salvo que o pagamento se efectúe por medio de transferencia bancaria.

CAPÍTULO III. NORMAS ESPECIAIS

BASE 30. Das subvencións

1. Enténdese por subvención, ós efectos do artigo 2 da *Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións*, toda disposición monetaria realizada por calquera dos suxeitos contemplados no artigo 3 da citada lei, a favor de persoas públicas ou privadas, e que cumpra os seguintes requisitos:

a) Que a entrega se realice sen contraprestación directa dos beneficiarios.
b) Que a entrega estea suxeita ó cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, ou a concorrencia dunha situación, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se establecesen.
c) Que o proxecto, a acción, conduta ou situación financiada teña por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública.

2. Non están comprendidas como subvencións as contribucións monetarias entre diferentes Administracións públicas, para financiar globalmente a actividade da Administración á que vaian

FIRMADO POR María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 19/12/2020 18:18:00)
Versión imprimible
CVD: /L4aFpDp5G0k6vTyzfel
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

destinadas, e as que se realicen entre os distintos axentes dunha Administración cuns orzamentos que se integren nos Orzamentos Xerais da Administración á que pertenzan, tanto se se destinan a financiar globalmente a súa actividade como á realización de actuacións concretas a desenvolver no marco das funcións que teña atribuídas, sempre que non resulten dunha convocatoria pública.

Tampouco estarán comprendidas como subvencións as contribucións monetarias que en concepto de cotas, tanto ordinarias como extraordinarias, realicen as entidades que integran a Administración local a favor das asociacións a que se refire a disposición adicional quinta *da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local*.

Non teñen carácter de subvencións os seguintes supostos:

a) As prestacións contributivas e non contributivas do Sistema da Seguridade Social.
b) As pensións asistenciais por ancianidade a favor dos españois non residentes en España, nos termos establecidos na súa normativa reguladora.
c) Tamén quedarán excluídas, na medida en que resulten asimilables ó réxime de prestacións non contributivas do Sistema de Seguridade Social, as prestacións asistenciais e os subsidios económicos a favor de españois non residentes en España, así como as prestacións a favor dos afectados polo virus de inmunodeficiencia humana e dos minusválidos.
d) As prestacións a favor dos afectados polo síndrome tóxico e as axudas sociais ás persoas con hemofilia ou outras coagulopatías conxénitas que desenvolvesen a hepatite C reguladas na Lei 14/2002, de 5 de xuño.
e) As prestacións derivadas do sistema de clases pasivas do Estado, pensións de guerra e outras pensións e prestacións por razón de actos de terrorismo.
f) As prestacións recoñecidas polo Fondo de Garantía Salarial.
g) Os beneficios fiscais e beneficios na cotización á Seguridade Social.
h) O crédito oficial, salvo nos supostos en que a Administración pública subvencione ó prestatario a totalidade ou parte dos intereses ou outras contraprestacións da operación de crédito.

3. As subvencións outorgadas polo Concello de Lousame rexeranse pola normativa seguinte:

— Pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
— Polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
— Pola Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
— Polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
— Pola Ordenanza Reguladora da concesión de subvencións polo Concello de Lousame.

4. En virtude do artigo 22 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e do artigo 19 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os procedementos para levar a cabo a concesión de subvencións son:

— Procedemento de concorrencia competitiva.
— Procedemento de concesión directa.
— Outros procedementos de concesión.

FIRMADO POR María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 19/12/2020 18:18:00)
Versión imprimible
CVD: /L4aFpDp5G0k6vTyzfel
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

BASE 31. Procedemento de concorrencia competitiva

1. A normativa que rexe con carácter básico o procedemento de concorrencia competitiva de concesión de subvencións son os artigos 23 a 27 da *Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións*, os artigos 19 e 20 a 25 da *Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia*, os artigos 58 a 64 do *Regulamento 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións,* os artigos 29 a 35 do *Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia* e o *Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.*

2. A resolución que aprobe a convocatoria de subvencións mediante o procedemento de concorrencia competitiva deberá fixar os criterios obxectivos do seu outorgamento que serán elixidos polo Concello.

3. O procedemento para a concesión de subvencións iníciase sempre de oficio.

A iniciación de oficio realizarase sempre mediante convocatoria que terá, conforme ó artigo 20.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o seguinte contido:

a) Indicación da disposición que estableza, no seu caso, as bases reguladoras e do *diario oficial* en que está publicada, salvo que en atención á súa especificidade estas se inclúan na propia convocatoria.
b) Créditos orzamentarios ós que se imputa a subvención e contía total máxima das subvencións convocadas dentro dos créditos dispoñibles ou, no seu defecto, contía estimada das subvencións.
c) Obxecto, condicións e finalidade da concesión da subvención.
d) Expresión de que a concesión se efectúa mediante un réxime de concorrencia competitiva.
e) Requisitos para solicitar a subvención e forma de acreditalos.
f) Indicación dos órganos competentes para a instrución e resolución do procedemento.
g) Prazo de presentación de solicitudes, ás que serán de aplicación as previsións contidas no apartado 3 deste artigo.
h) Prazo de resolución e notificación.
i) Documentos e informacións que deben acompañarse á petición.
j) No seu caso, posibilidade de reformulación de solicitudes de conformidade co disposto no artigo 27 desta lei.
k) Indicación de se a resolución pon fin á vía administrativa e, en caso contrario, órgano ante o que ha de interpoñerse recurso de alzada.
l) Criterios de valoración das solicitudes. Avaliarase, en todo caso, o emprego da lingua galega na realización de actividades ou condutas para as que se solicita a axuda.
m) Prazo de xustificación da subvención.
n) Medio de notificación ou publicación, de conformidade co previsto no artigo 59 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

FIRMADO POR María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 19/12/2020 18:18:00)
Versión imprimible
CVD: /L4aFpDp5G0k6vTyzfel
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

4. O procedemento tramitarase en réxime de concorrencia competitiva mediante a comparación das solicitudes presentadas, co fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria e adxudicarase, co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, a aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios.

BASE 32. Procedemento de concesión directa

1. A normativa que rexe o procedemento de concesión directa de subvencións ven determinada polos artigos 28 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, os artigos 19 e 27 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e os Regulamentos que as desenvolven.

Poderán concederse de forma directa as seguintes subvencións:

a) As previstas nominativamente no Orzamento nos termos recollidos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións.
b) Aquelas cuxo outorgamento ou contía veñan impostos á administración por unha norma de rango legal, que seguirán o procedemento de concesión que lles resulte de aplicación de acordo coa súa propia normativa.
c) Con carácter excepcional, aquelas outras subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

2. Os procedementos de concesión directa son basicamente dous: por un lado a concesión directa mediante Acordos ou Convenios e, por outro lado, a concesión de subvencións consignadas nominativamente nos orzamentos.

3. Conforme ó artigo 65 do *Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións* e o artigo 35 do *Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*, son subvencións previstas nominativamente nos Orzamentos Xerais das Entidades Locais, aquelas cuxo obxecto, dotación orzamentaria e beneficiario aparecen determinados expresamente no estado de gastos do orzamento.

4. Será de aplicación a ditas subvencións, en defecto de normativa municipal especifica que regule a súa concesión, o previsto na *Lei Xeral de Subvencións*, na *Lei de Subvencións de Galicia* e nos Regulamentos que desenvolven as ditas Leis, salvo no que nunhas e outros afecte á aplicación dos principios de publicidade e concorrencia.

5. O procedemento para a concesión destas subvencións iniciarase de oficio polo centro xestor do crédito orzamentario ó que se imputa a subvención, ou a instancia do interesado, e terminará coa resolución de concesión ou o convenio. No expediente acreditaranse as razóns de interese público, urxencia ou excepcionalidade que motivan a concesión.

O Acordo de concesión ou o Convenio terá o carácter de bases reguladoras da concesión ós efectos do disposto na *Lei Xeral de Subvencións* e *Lei de subvencións de Galicia*.

FIRMADO POR María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 19/12/2020 18:18:00)
Versión imprimible
CVD: /L4aFpDp5G0k6vTyzfel
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

A resolución ou, no seu caso, o convenio deberá incluír os seguintes extremos:

a. Determinación do obxecto da subvención e dos seus beneficiarios, de acordo coa asignación orzamentaria.
b. Crédito orzamentario ó que se imputa o gasto e contía da subvención, individualizada, no seu caso, para cada beneficiario se fosen varios.
c. Compatibilidade ou incompatibilidade con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
d. Prazos e modos de pago da subvención, posibilidade de efectuar pagos anticipados e abonos a conta, así como o réxime de garantías que, no seu caso, deberán aportar os beneficiarios.
e. Prazo e forma de xustificación por parte do beneficiario do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e da aplicación dos fondos percibidos.

6. As **subvencións nominativas** recollidas no Orzamento para o exercicio de 2021, que pola súa natureza non serán obxecto de concorrencia responden ó seguinte detalle:

Aplicación Orzamentaria	Beneficiario.	Obxecto e finalidade	CIF	Importe/ €
135.480.00	Agrupación Municipal de Voluntarios de Protección Civil de Lousame	Gastos de funcionamento 2021	G15652563	6.000,00
231.480.00	Cáritas Parroquial de Noia	Gastos de funcionamento 2021	R1500053B	1.500,00
231.480.00	A Misela	Gastos de funcionamento 2021	G15450208	2.000,00
231.480.00	A Creba	Gastos de funcionamento 2021	G15476310	1.500,00
334.480.00	O Son do Pote	Gastos de funcionamento 2021	G70505383	1.500,00
334.480.00	Asociación Sociocultural Prudencio Romo	Gastos de funcionamento 2021	G70055983	6.000,00
337.480.00	ANPA Alecrín	Gastos de funcionamento 2021	G15357791	1.500,00
337.480.00	Asociación Clube de Xubilados de Lousame	Gastos de funcionamento 2021	G15890908	3.000,00
341.480.00	AD Cruído	Gastos de funcionamento 2021	G15487580	1.500,00
341.480.00	Lesende CF	Gastos de funcionamento 2021	G15599863	1.500,00
341.480.00	Asociación Deportiva Taekwondo Lousame	Gastos de funcionamento 2021	G70526629	1.000,00
341.480.00	Club BTT O Treito	Gastos de funcionamento 2021	G15997620	800,00

BASE 33. Outros procedementos de concesión

1. O Concello poderá determinar mediante a modificación destas bases outro procedemento para proceder á concesión das subvencións.

2. Normas específicas para a concesión de subvencións mediante concorrencia a Asociacións, Clubs e Agrupacións sen Ánimo de Lucro constituídas no Concello: Deberán estar dadas de alta no Rexistro de Asociacións do Concello a 31 de decembro do ano anterior.

3. Normas específicas para a concesión de subvencións para festexos populares pola dificultade da súa convocatoria pública:

FIRMADO POR María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 19/12/2020 18:18:00)
Versión imprimible
CVD: /L4aFpDp5G0k6vTyzfel
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

— O importe previsto no Orzamento para axudas do Concello á celebración de festexos populares nas distintas parroquias e lugares do termo municipal é o que se indica a seguir:

Aplicación orzamentaria	Finalidade	Importe
338.480.00	Festas populares e festexos. Subvencións Festexos Populares	3.600,00

— O importe que se concederá para cada un deses festexos calcularase a razón de 150 € por día de festa con orquestra.
— A súa concesión acordarase mediante Resolución da Alcaldía, na que figurarán as condicións e prazos de xustificación da actividade e do pagamento.

BASE 34. Pago das subvención

As subvencións concedidas serán pagadas unha vez sexa xustificado o gasto realizado, obxecto da subvención, cos documentos necesarios.

Non obstante, a Alcaldía ou o concelleiro/a delegado/a, dentro das súas competencias, e mediante Decreto, poderán resolver o anticipo da subvención concedida.

A concesión de calquera tipo de subvención requirirá a formación de expediente no que conste o destino dos fondos e os requisitos necesarios que han de cumprirse para que poida procederse ó pago.

Cumpridas as condicións estipuladas no acto administrativo de concesión, no momento establecido nas normas de cada subvención ou nas presentes Bases de Execución, procederase ó seu recoñecemento e posterior pago.

O Concello de Lousame poderá efectuar en calquera momento, as comprobacións que sexan necesarias para asegurar o cumprimento da finalidade da subvención.

Cando o beneficiario sexa debedor con motivo dunha débeda vencida e líquida, a Alcaldía poderá acordar a compensación mediante o procedemento establecido legalmente.

BASE 35. Pagos a xustificar

1. Terán o carácter de «a xustificar» as ordes de pago cuxos documentos xustificativos non se poidan acompañar no momento da súa expedición (artigo 69.1 do Real Decreto 500/1990).

Soamente poderán efectuarse «pagos a xustificar», nos seguintes casos:

— Que o importe a xustificar non supere a cantidade de novecentos euros (900,00 €).

FIRMADO POR María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 19/12/2020 18:18:00)
Versión imprimible
CVD: /L4aFpDp5G0k6vTyzfel
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

- Que non sexan destinados a “Operacións de Capital”.
- Que o perceptor non teña pendente de xustificar cantidade ningunha polo mesmo concepto.
- Que non se destinen a atender gastos de modalidade periódica, os cales terían a consideración de “anticipos de caixa fixa”.

Os perceptores das ordes de pago a xustificar quedarán obrigados a xustificar a aplicación de cantidades percibidas no prazo máximo de tres meses e quedarán, tamén, suxeitos ó réxime de responsabilidades que establece a normativa vixente.

As contas acreditativas do destino de fondos deberanse render polos preceptores ante a Intervención, acompañadas das facturas ou documentos equivalentes acreditativos dos pagos.

En ningún caso poderán expedirse novas ordes de pago a xustificar, polos mesmos conceptos orzamentarios, a preceptores que tivesen aínda no seu poder fondos pendentes de xustificación.

2. A Alcaldía é o órgano competente para aprobar, mediante Decreto, o libramento das ordes de pago a xustificar, e no mesmo determinarase tanto o límite cuantitativo, como a aplicación ou aplicacións orzamentarias contra as que se poderán efectuar os pagos.

A aprobación poderá realizarse ben de forma individualizada, ben mediante a inclusión da orde de pago nun Decreto ordinario de recoñecemento de obrigacións.

Os libramentos expedidos co carácter de «a xustificar», deberán estenderse a favor da persoa física designada ó efecto, quedando, por tanto, a xestión e posterior rendición de contas xustificativas a cargo da mesma.

Unha vez aprobado e fiscalizado o expediente de gasto, a Intervención expedirá un documento ADO contra a aplicación correspondente.

3. A Intervención municipal fiscalizará a inversión dos fondos examinando as contas e documentos que as xustifiquen, podendo utilizar procedementos de auditoría ou mostraxe.

A continuación, se fosen conformes, procederase á aprobación das mesmas pola Presidencia.

En caso de ser disconformes as contas xustificativas cos documentos presentados, a Intervención emitirá informe no que poñerá de manifesto os defectos ou anomalías observadas ou a súa desconformidade coa conta.

Dito Informe, xunto coa conta, será remitido ó interesado para que nun prazo de dez días realice as alegacións que estime oportunas e, no seu caso, emende as anomalías, deixando constancia diso na conta. Destas actuacións darase conta ó alcalde – presidente.

Se a xuízo da Intervención municipal os defectos ou anomalías no foran emendados, a emenda fose insuficiente ou non se recibise comunicación algunha no prazo sinalado no parágrafo anterior, o poñerá en coñecemento do alcalde – presidente, co fin de que se adopten as medidas legais para salvagardar os dereitos da Facenda municipal, propoñendo, no seu caso, o reintegro das cantidades correspondentes.

FIRMADO POR María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 19/12/2020 18:18:00)
Versión imprimible
CVD: /L4aFpDp5G0k6vTyzfel
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

A Intervención, por si ou por medio de funcionarios que ó efecto designen, poderán realizar en calquera momento as comprobacións que estimen oportunas.

BASE 36. Anticipos de Caixa Fixa

1. Con carácter de anticipos de caixa fixa, poderanse efectuar provisións de fondos, a favor dos habilitados, para atender as atencións correntes de carácter periódico ou repetitivo, tales como dietas, gastos de locomoción, material de oficina non inventariable, conservación e outros de similares características, podendo librarse para atender todo tipo de gastos menores de carácter urxente do Capítulo II do Estado de Gastos do Orzamento e os gastos do Capítulo I que se correspondan coa formación do persoal, e, en ningún caso procede o pagamento de subvencións con cargo a este anticipo.

2. Os preceptores destes fondos quedarán obrigados a xustificar a aplicación das cantidades percibidas ó longo do exercicio orzamentario en que se constituíu o anticipo.

O alcalde – presidente do Concello é o órgano competente para aprobar, mediante Decreto, previo informe de Intervención, o libramento das ordes de pago en concepto de «anticipos de caixa fixa», e no mesmo determinarase tanto o límite cuantitativo, a aplicación ou aplicacións orzamentarias, así como a persoa habilitada ó efecto.

A fin de garantir a súa posterior aplicación orzamentaria, a expedición de «anticipos de caixa fixa» dará lugar á correspondente retención de crédito na aplicación o aplicacións incluídas na habilitación.

3. O importe dos mandamentos de pagos non orzamentarios que se expidan abonarase por transferencia ás contas correntes que os habilitados pagadores terán abertas nunha entidade bancaria dentro da agrupación «Concello de Lousame, anticipos de caixa fixa. Área de _____ ».

As disposicións de fondos das contas a que se refire o parágrafo anterior efectuaranse, mediante cheques nominativos ou transferencias bancarias, autorizados coa sinatura do habilitado pagador.

Non obstante, o preceptuado no apartado anterior, autorízase a existencia en poder dos habilitados de cantidades razoables en efectivo, que en ningún caso poderán superar os 300 euros, destinadas ó pago de atencións de menor contía. Da custodia destes fondos será directamente responsable o habilitado.

As obrigacións adquiridas considerаranse satisfeitas desde o momento que o perceptor entregue o documento xustificativo ou desde a data en que se efectuase a transferencia á Entidade e conta indicada polo perceptor.

4. Os gastos que se poden atender mediante anticipo son os previstos nesta Base por importe de ata 600 euros.

FIRMADO POR María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 19/12/2020 18:18:00)
Versión imprimible
CVD: /L4aFpDp5G0k6vTyzfel
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

A efectos de aplicación deste límite, non poderán acumularse nun só xustificante pagos que se deriven de diversos gastos, nin fraccionarse un único gasto en varios pagos.

5. Os habilitados pagadores levarán contabilidade auxiliar de todas as operacións que realicen, relativas a anticipos de caixa fixa percibidos, cuxa finalidade é a de controlar a situación que en cada momento presente as ordes de pago libradas por este concepto.

Son funcións dos habilitados pagadores:

- Contabilizar as operacións de pago realizadas.
- Efectuar os pagos.
- Verificar que os comprobantes facilitados para a xustificación dos gastos sexan documentos auténticos, orixinais e cumpren todos os requisitos necesarios.
- Identificar a personalidade dos perceptores mediante a documentación procedente en cada caso.
- Custodiar os fondos que se lle confiasen.
- Render as contas.

Os habilitados que reciban anticipos de caixa fixa, renderán contas polos gastos atendidos cos mesmos, a medida que as súas necesidades de Tesourería aconsellen a reposición dos fondos utilizados, os cales deberán ser xustificados na forma que se indique polo Pleno do Concello.

As indicadas contas irán acompañadas das facturas e demais documentos orixinais que xustifiquen a aplicación dos fondos, debidamente relacionados.

Os fondos non invertidos que, en fin de exercicio, se atopen en poder dos respectivos caixeiros, pagadores ou habilitados, utilizaranse por estes, no novo exercicio, para as atencións para as que se concedeu o anticipo.

En calquera caso, os perceptores destes fondos quedarán obrigados a xustificar a aplicación dos percibidos ó longo do exercicio orzamentario en que se constituíu o anticipo, polo que, ó menos, no mes de decembro de cada ano, haberán de render as contas a que se refire o apartado 1 desta Base.

De acordo coas cantidades xustificadas nas contas a que se refiren os apartados anteriores expediranse os correspondentes documentos contables de execución do Orzamento de gastos que procedan.

6. A Intervención fiscalizará a inversión dos fondos examinando as contas e documentos que as xustifiquen, podendo utilizar procedementos de auditoría ou mostraxe.

A continuación, se fosen conformes, procederase á aprobación das mesmas pola Alcaldía e no mesmo acto poderase ordenar a reposición de fondos.

En caso de ser desconformes as contas xustificativas cos documentos presentados, a Intervención emitirá informe no que poñerá de manifesto os defectos ou anomalías observadas ou a súa desconformidade coa conta.

FIRMADO POR María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 19/12/2020 18:18:00)
Versión imprimible
CVD: /L4aFpDp5G0k6vTyzfel
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Dito informe, xunto coa conta, será remitido ó interesado para que nun prazo de quince días realice as alegacións que estime oportunas e, no seu caso, emende as anomalías, deixando constancia diso na conta. Destas actuacións darase conta ó alcalde – presidente.

Se a xuízo da Intervención os defectos ou anomalías non fosen emendados, a emenda fose insuficiente ou non se recibise comunicación algunha no prazo sinalado no parágrafo anterior, porao en coñecemento da Alcaldía do Concello co fin de que se adopten as medidas legais para salvagardar os dereitos da Facenda Municipal, propoñendo, no seu caso, o reintegro das cantidades correspondentes.

A Intervención, por si ou por medio de funcionarios que ó efecto designe, poderán realizar en calquera momento as comprobacións que estimen oportunas.

BASE 37. Contratos Menores

1. A execución de gastos mediante contrato menor respectará en todo caso os límites máximos, cuantitativos e cualitativos, establecidos na lexislación vixente, e especialmente na *Lei 9/2017 do 8 de novembro de Contratos do Sector Público (LCSP)*.

2. Os contratos menores definiranse segundo o establecido no artigo 118.1 da LCSP e poderán adxudicarse directamente a calquera empresario **con capacidade de obrar** e que conte coa **habilitación profesional necesaria** para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118.

Considéranse contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate doutros contratos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizadas no ámbito estatal.

Estes contratos non poderán ter unha duración superior a un ano, nin ser obxecto de prórroga nin de revisión de prezos.

3. A tramitación do expediente do contrato menor axustarase ó seguinte procedemento:

- Informe do órgano de contratación motivando a necesidade do contrato.
- Xustificación polo órgano de contratación de non alteración do obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais da contratación.
- Aprobación do gasto ou RC (DA 3.4ª LCSP, para os Concellos de menos de 5.000 habitantes)
- Incorporación da factura correspondente.
- Nos contratos menores de obra achegarase tamén a documentación especificada no artigo 118 da LCSP.

Recoñecemento da obrigación: Unha vez presentada a factura, entregarase ao correspondente servizo municipal para que se proceda a verificala e conformala, facendo constar o recibido e conforme do persoal responsable do servizo ou da Alcaldía ou concelleiro delegado; que se fará

FIRMADO POR María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 19/12/2020 18:18:00)
Versión imprimible
CVD: /L4aFpDp5G0k6vTyzfel
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

de xeito electrónico a través de Sicalwin-Firmadoc (programas informáticos subministrados pola Excma. Deputación da Coruña)

Realizado este trámite, a factura será remitida á Intervención Xeral para a súa fiscalización, e posterior aprobación pola Alcaldía, mediante Resolución.

BASE 38. Gastos de carácter plurianual

1. Son gastos de carácter plurianual aqueles que estenden os seus efectos económicos a exercicios posteriores a aquel en que se autoricen e comprometan.

2. A autorización e o compromiso dos gastos de carácter plurianual subordinaranse ó crédito que para cada exercicio se consigne nos respectivos Orzamentos (artigo 174.1 do *Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo*, e artigo 79.2 do *Real Decreto 500/ 1990, do 20 de abril*).

3. Poderán adquirirse compromisos de gastos con carácter plurianual sempre que a súa execución se inicie no propio exercicio e que, ademais, se atopen nalgún dos casos recollidos no artigo 174.2 do *Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais*. Estes casos son os seguintes:

- *Investimentos e transferencias de capital.*
- *Os demais contratos e os de subministración, de consultoría, de asistencia técnica e científica, de prestación de servizos, de execución de obras de mantemento e de arrendamento de equipos non habituais das entidades locais, sometidos ás normas do Texto Refundido da lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado por Real Decreto 2/2000, de 16 de xuño (actualmente RDL 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público), que non poidan ser estipulados ou resulten antieconómicos por un ano.*
- *Arrendamentos de bens inmobles.*
- *Cargas financeiras das débedas da entidade local e dos seus organismos autónomos.*
- *Transferencias correntes que se deriven de convenios subscritos polas corporacións locais con outras entidades públicas ou privadas sen ánimo de lucro.*

4. O Pleno poderá aprobar gastos plurianuais que deban de executarse en períodos superiores a catro anos ou cunhas anualidades que excedan das contías establecidas na lexislación vixente.

5. Corresponde á Alcaldía ou á Xunta de Goberno Local (por delegación da Alcaldía) a autorización e disposición dos gastos plurianuais, cando a contía do gasto non sexa superior ó 10% dos recursos ordinarios do Orzamento, nin en calquera caso a seis millóns de euros, e a súa duración non sexa superior a catro anos, eventuais prórrogas incluídas, sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere a porcentaxe indicada, referida ós recursos ordinarios do Orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada (DA 2ª LCSP, punto 1)

6. Corresponde ó Pleno da Corporación a autorización e disposición dos gastos plurianuais nos demais casos (DA 2ª LCSP, punto 1)

FIRMADO POR María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 19/12/2020 18:18:00)
Versión imprimible
CVD: /L4aFpDp5G0k6vTyzfel
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

BASE 39. Achegas aos Grupos Políticos Municipais

1. As dotacións económicas para os grupos políticos municipais (GPM), conforme co establecido no artigo 73.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, constarán dun compoñente fixo, idéntico para cada un dos grupos, e outro variable en función do número de membros de cada un deles. Así, aos GPM legalmente constituídos, e para o funcionamento dos mesmos, correspóndelles as seguintes asignacións económicas mensuais:

- Compoñente fixo da asignación: 30 euros por Grupo político municipal.
- Compoñente variable da asignación: 40 euros por Concelleiro integrante do Grupo.

2. Esta transferencia pagarase, previa solicitude, trimestralmente, semestralmente ou anualmente; segundo a preferencia manifestada por cada Grupo Político Municipal; e sempre co carácter de mes vencido, isto é, non se transferirán os fondos con carácter previo á súa vindicación. Queda exceptuada da regra anterior a transferencia relativa ao mes de decembro do ano natural, que será aprobada e pagada na propia mensualidade, para respectar o principio de anualidade orzamentaria.

3. Estas dotacións cumprirán os seguintes requisitos:

- Non poden destinarse ao pagamento de remuneracións de persoal de calquera tipo ao servizo da Corporación ou á adquisición de bens que poidan constituír activos fixos de carácter patrimonial.
- Ingresaranse en conta aberta a nome dos Grupos Políticos Municipais, na entidade bancaria que sinalen ao efecto.

4. A achega terá carácter incondicional, polo que non será necesario xustificar o destino dado aos fondos percibidos, sen prexuízo da necesidade de levar unha contabilidade específica e conservar os correspondentes xustificantes, que se porán a disposición do Pleno da Corporación sempre que este o pida.

BASE 40. Retribucións e indemnizacións dos membros da Corporación

1. **Retribucións en réxime de dedicación exclusiva ou parcial**

De conformidade co establecido no artigo 75 da Lei 7/1985, do 2 de abril, aqueles membros da Corporación que desenvolvan as súas actividades en réxime de dedicación exclusiva ou parcial, percibirán as retribucións que se aproben polo Pleno da Corporación, cos límites establecidos nos seus artigos 75 bis.

Neste momento, as contías son as aprobadas na sesión extraordinaria do Pleno Corporativo do 04.07.2019 (sesión organizativa do mandato lexislativo 2019-2023), que son as seguintes:

FIRMADO POR María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 19/12/2020 18:18:00)
Versión imprimible
CVD: /L4aFpDp5G0k6vTyzfel
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Cargo electo / Tipo de dedicación		*Retribucións dende o 01.01.2021 até o fin do mandato corporativo*
Alcaldía	Dedicación exclusiva	Retribucións brutas anuais (14 pagas): **40.800,00** €(1) Trienios (14 pagas): 6.101,28 € (2) *(2) Desagregación: 40.000 € + incremento 2% no 2020 (800 €)* *(2) A contía dos trienios (funcionaria de carreira en situación de servizos especiais) será actualizada en función do seu recoñecemento pola Administración de orixe, así como en función da contía que cada ano aprobe a Lei de Orzamentos Xerais do Estado.*
1º Tenente de Alcalde e Concelleiro Delegado	Dedicación parcial (30 horas/semana)	Retribucións brutas anuais (14 pagas): **17.136,00** € *Desagregación: 16.800 € + incremento 2% no 2020 (336)*
2ª Tenente de Alcalde e Concelleira Delegada	Dedicación parcial (30 horas/semana)	Retribucións brutas anuais (14 pagas): **17.136,00** € *Desagregación: 16.800 € + incremento 2% no 2020 (336)*
Actualización das retribucións		A partires do 01.01.2021, as retribucións brutas anuais (tanto por dedicación exclusiva e parcial) seguirán, aos efectos da súa revisión, o mesmo réxime aplicable ás retribucións do persoal funcionario da Corporación Local, sen necesidade de acordo plenario adicional, respectando en todo caso os límites máximos fixados para as retribucións dos cargos electos, na Lei de Orzamentos Xerais do Estado

Os concelleiros que perciban retribucións polo exercicio do seu cargo en réxime de dedicación parcial ou exclusiva, non poderán percibir indemnización ningunha por asistencia a sesións dos diferentes órganos municipais ou doutros organismos.

2. **Indemnización por asistencia a órganos colexiados**

Segundo o acordo plenario adoptado na sesión organizativa do mandato corporativo 2019-2023, que tivo lugar o 04.07.2019, as cantidades a percibir en concepto de asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados, son:

- Por asistencia Plenos: 100,00 €
- Por asistencia a Xuntas de Goberno Local: 90,00 €
- Por asistencia a Comisións Informativas: 90,00 €
- Por asistencia a Xuntas de Concelleiros Delegados: 90,00 €
- Por asistencia a Mesas de Contratación: 90,00 € (no caso de varias Mesas de Contratación consecutivas, só se vindicará unha asistencia)

Xustificaranse mediante certificación de Secretaría ou copia das actas das correspondentes sesións. A tramitación do gasto farase a mes vencido, e imputarase ao exercicio orzamentario no que se aprobe o gasto.

Establécese un límite máximo mensual a percibir polos membros corporativos, no concepto de indemnizacións por asistencias as órganos colexiados:

FIRMADO POR María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 19/12/2020 18:18:00)
Versión imprimible
CVD: /L4aFpDp5G0k6vTyzfel
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

— 600 € / mensuais para cada cargo electo (o que supón que como máximo indemnizaríanse esta cantidade mensual por todas as asistencias aos diferentes órganos colexiados por cada cargo electo)

3. **Indemnizacións por Comisións de Servizo (dietas, quilometraxes, etc)**

Segundo o acordo plenario adoptado na sesión organizativa do mandato corporativo 2019-2023, que tivo lugar o 04.07.2019, os membros corporativos que realicen comisións de servizo fóra do termo municipal terán dereito a ser indemnizadas mediante axudas de custo polo importe establecido para o Grupo I no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, a través de liquidación practicada. Terán tamén dereito a ser indemnizados polos desprazamentos que realicen dentro do termo municipal por razón do servizo.

A indemnización que se percibirá como gasto de viaxe polo uso do vehículo particular en comisión de servizo será de 0,19 € por quilómetro percorrido. Nos restantes casos indemnizarase polo importe do billete ou pasaxe utilizado.

En todo o non previsto na presente Base, en es especial, no relativo ao réxime de xustificación e abono das indemnizacións, resultará de aplicación o sinalado no RD 462/2002 e demais normativa vixente na materia.

BASE 41. Indemnizacións por razón do servizo para os empregados públicos

1. As indemnizacións por razón do servizo do persoal municipal rexeranse polo regulado no RD 462/2002, do 24 de maio, e demais normativa de aplicación.

2. As liquidacións por indemnizacións por razón do servizo deben levar a conformidade da Alcaldía (ou concelleiro delegado), autorizando a comisión do servizo efectuada.

TÍTULO III. DOS INGRESOS

BASE 42. A Tesourería

1. Constitúe a Tesourería Municipal o conxunto de recursos financeiros, sexa diñeiro, valores ou créditos do Concello, tanto por operacións orzamentarias como non orzamentarias.

2. A Tesourería Municipal rexerase polo principio de caixa única e polo disposto nos artigos 194 a 199 do *Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo*, e en canto lle sexa de aplicación, polas normas do Título V da *Lei Xeral Orzamentaria*.

FIRMADO POR María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 19/12/2020 18:18:00)
Versión imprimible
CVD: /L4aFpDp5G0k6vTyzfel
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

3. As funcións da Tesourería serán as determinadas no artigo 5 do Real *Decreto 128/2018, de 16 de marzo*, e no artigo 196 do *Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se Aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais*.

4. A xestión dos fondos garantirá, en todo caso, a obtención da máxima rendibilidade, asegurando sempre a inmediata liquidez para o cumprimento das obrigacións nos seus respectivos vencementos temporais.

5. Poderanse concertar os servizos financeiros con entidades de crédito e aforro, conforme ao artigo 197 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, mediante a apertura dos seguintes tipos de contas:

a) Contas operativas de ingresos e gastos.
b) Contas restrinxidas de recadación.
c) Contas restrinxidas de pagos.
d) Contas financeiras de colocación de excedentes de Tesouraría.

BASE 43. Xestión dos ingresos

1. A xestión dos orzamentos de ingresos do Concello poderá realizarse nas seguintes fases:

a) Compromiso de ingreso.
b) Recoñecemento do dereito.
c) Extinción do dereito por anulación do mesmo ou por realización do cobro do mesmo ou por compensación.
d) Devolución de ingresos.

2. O compromiso de ingreso é o compromiso polo que calquera persoa, entidade, etc, se obriga co Concello a financiar total ou parcialmente un gasto determinado.

3. O recoñecemento de dereitos defínese como o acto polo cal se declaran líquidos e esixibles uns dereitos de cobro a favor da Entidade Local.

4. Extinguirase o dereito a cobro cando, en virtude de acordos administrativos, proceda cancelar total ou parcialmente un dereito xa recoñecido como consecuencia de:
a) Anulación de liquidacións.
b) Insolvencias ou outras causas.

5. O dereito de cobro tamén se extinguirá cando se realice o ingreso ou por compensación cos pagos existentes no Concello a favor do debedor, todo elo a proposta do tesoureiro e en virtude da normativa vixente.

6. En canto á devolución de ingresos estes terán por finalidade o reembolso ós interesados das cantidades ingresadas indebidamente ou por exceso.

FIRMADO POR María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 19/12/2020 18:18:00)
Versión imprimible
CVD: /L4aFpDp5G0k6vTyzfel
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

BASE 44. Recoñecemento dos dereitos

1. Procederá o recoñecemento de dereitos tan pronto como se coñeza a existencia do acto ou feito de natureza xurídica ou económica xerador do dereito a favor do Concello, calquera que fora a súa orixe.

2. Cando se trate de subvencións ou transferencias a recibir doutras administracións, entidades ou particulares, afectadas á realización de determinados gastos, deberase contabilizar:

- compromiso de achega, que necesariamente deberá rexistrarse se ha de producir unha xeración de crédito, unha vez que se teña coñecemento auténtico do mesmo.
- recoñecemento do dereito cando se produza o cobro, ou cando se coñeza, de forma certa e por un importe exacto, que o ente concedente ditou o acto de recoñecemento da correlativa obrigación.

3. Nos préstamos e empréstitos rexistrarase o compromiso de ingreso cando se formalice a operación e, a medida que se recoñezan as obrigacións que se financien cos referidos fondos, contabilizarase o recoñecemento de dereitos e remitirase á tesourería para a súa disposición.

4. Nos ingresos derivados da participación en tributos do Estado recoñecerase o dereito correspondente a cada entrega a conta cando teña lugar o cobro ou cando se notifique de xeito fidedigno o importe de cada entrega.

5. A xestión e recadación das taxas e prezos públicos rexeranse polas Ordenanzas aprobadas ó efecto.

BASE 45. Xestión dos cobros

1. Os ingresos, en tanto non se coñeza a súa aplicación orzamentaria, contabilizaranse como ingresos pendentes de aplicación, integrándose desde o momento que se producen na caixa única.

O resto de ingresos, formalizaranse mediante mandamento de ingreso, aplicados ó concepto orzamentario correspondente e expedido no momento en que se teña coñecemento do seu cobro.

2. A Tesourería levará os libros contables e de rexistro, confeccionará a lista dos debedores polos distintos conceptos unha vez finalizado o prazo de recadación en período voluntario, e procederá á súa exacción por vía de prema.

As débedas de calquera clase vindicarán os xuros de demora que legalmente correspondan.

3. En materia de anulación, suspensión e aprazamento e fraccionamento de pagos será de aplicación a normativa contida no Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, a Lei

FIRMADO POR María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 19/12/2020 18:18:00)
Versión imprimible
CVD: /L4aFpDp5G0k6vTyzfel
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Xeral Tributaria, Regulamento Xeral de Recadación, Lei Xeral Orzamentaria, e as disposicións que desenvolvan a ditas normas.

BASE 46. Operacións de crédito a longo prazo

De conformidade co disposto no artigo 52 do *Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo*, regúlase na presente Base de execución as condicións mínimas que rexerán as operacións de crédito previstas no Capítulo IX do Estado de Ingresos do orzamento municipal.

A Alcaldía do Concello poderá concertar as operacións de crédito a longo prazo previstas no orzamento, cun importe acumulado, que dentro de cada exercicio económico, non supere o 10% dos recursos de carácter ordinario previstos en dito orzamento. Unha vez superado dito límite a aprobación corresponderá ó Pleno do Concello.

A previsión de concertación de este tipo de operacións para o exercicio 2021 ascende a 195.346,71 €

BASE 47. Operacións de tesourería

1. Durante o exercicio 2021 o Concello poderá concertar Operacións de Tesourería por prazo non superior a un ano con calquera Entidade financeira, para atender as súas necesidades transitorias de Tesourería, sempre que no seu conxunto non superen o 30% dos ingresos liquidados por operacións correntes no exercicio anterior, salvo que a operación deba de realizarse no primeiro semestre do ano sen que se producise a liquidación do orzamento de tal exercicio, neste caso tomarase en consideración a liquidación do exercicio anterior a este último.

A previsión de concertación de este tipo de operacións para o exercicio 2021 ascende a 509.148,64 €

2. A concertación de toda clase de Operacións de Tesourería deberá ser informada pola Intervención municipal. Neste informe analizarase a capacidade do Concello para facer fronte, no tempo, ás obrigacións que de aquela se deriven para a mesma.

3. A competencia para a concertación de Operacións de Tesourería corresponderá á Alcaldía – Presidencia ou ó Pleno da Corporación, de acordo coa lexislación vixente.

BASE 48. Plan de Disposición de Fondos

FIRMADO POR María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 19/12/2020 18:18:00)
Versión imprimible
CVD: /L4aFpDp5G0k6vTyzfel
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Corresponde á Tesourería elaborar o Plan de disposición de fondos, que será aprobado pola Alcaldía.

O Plan de disposición de fondos considerará aqueles factores que faciliten unha eficiente e eficaz xestión da Tesourería municipal e recollerá necesariamente a prioridade dos gastos referentes á débeda, os de persoal e das obrigacións contraídas en exercicios anteriores.

A xestión dos recursos líquidos levarase a cabo con criterios de obtención da máxima rendibilidade, asegurando en todo caso a inmediata liquidez para o cumprimento das obrigacións nos seus vencementos temporais.

TÍTULO IV. DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO

BASE 49. Liquidación do Orzamento

O peche e liquidación do orzamento do Concello efectuarase, en canto á recadación de dereitos e ó pago das obrigacións, o 31 de decembro do ano natural, quedando a cargo da Tesourería receptiva os dereitos liquidados pendentes de cobro, e as obrigacións recoñecidas pendentes de pago.

Os créditos para gastos que o último día do exercicio orzamentario non estean afectados ó cumprimento de obrigacións xa recoñecidas quedarán anulados de pleno dereito, sen máis excepcións que as sinaladas no artigo 182 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Os dereitos liquidados pendentes de cobro e as obrigacións recoñecidas pendentes de pago a 31 de decembro, quedarán a cargo da Tesourería da Entidade local.

No caso de que a liquidación orzamentaria sitúese en superávit, este destinarase a reducir o endebedamento neto (artigo 32 *Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira*).

BASE 50. Tramitación administrativa da Liquidación

A liquidación do Orzamento municipal será aprobada pola Alcaldía, previo informe da Intervención, dando conta ó Pleno na primeira sesión ordinaria que teña lugar despois da aprobación.

No expediente tamén será necesario incluír Informe de Intervención de Avaliación do Cumprimento do Obxectivo de Estabilidade Orzamentaria, no que se informe sobre o cumprimento ou incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria da propia Entidade Local e dos seus organismos e entidades dependentes. O incumprimento do principio de estabilidade levará a elaboración dun Plan Económico-Financeiro de conformidade co disposto nos artigos 21 e 23 da *Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.*

FIRMADO POR María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 19/12/2020 18:18:00)
Versión imprimible
CVD: /L4aFpDp5G0k6vTyzfel
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

As obrigacións recoñecidas e liquidadas non satisfeitas o último día do exercicio, os dereitos pendentes de cobro e os fondos líquidos a 31 de decembro configurarán o remanente de tesourería da entidade local. A cuantificación do remanente de tesourería deberá realizarse tendo en conta os posibles ingresos afectados e minorando de acordo co que se estableza regulamentariamente os dereitos pendentes de cobro que se consideren de difícil ou imposible recadación.

A liquidación do Orzamento deberá confeccionase antes do día primeiro de marzo do exercicio seguinte.

BASE 51. Determinación que resultan da liquidación do orzamento

1. Coa liquidación do orzamento deberanse determinar conforme ó artigo 93 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, os seguintes aspectos:

a) Os dereitos pendentes de cobro e as obrigacións pendentes de pago a 31 de decembro.
b) O resultado orzamentario do exercicio.
c) Os remanentes de crédito.
d) O remanente de tesourería.

2. Os dereitos pendentes de cobro e as obrigacións recoñecidas pendentes de pago a 31 de decembro integrarán a agrupación de Orzamentos pechados e terán a consideración de operacións de Tesourería Local.

3. O resultado das operacións orzamentarias do exercicio virá determinado pola diferenza entre os dereitos orzamentarios liquidados durante o exercicio e as obrigacións orzamentarias recoñecidas durante o mesmo período.

Ós efectos do cálculo do resultado orzamentario os dereitos liquidados tomaranse polos seus valores netos, é dicir, dereitos liquidados durante o exercicio unha vez deducidos aqueles que, por calquera motivo, foran anulados.

Igualmente, as obrigacións recoñecidas tomaranse polos seus valores netos, é dicir, obrigacións recoñecidas durante o exercicio unha vez deducidas aquelas que, por calquera motivo, foran anuladas.

O resultado orzamentario deberá, no seu caso, axustarse en función das obrigacións financiadas con remanentes de Tesourería e das diferenzas de financiamento derivadas de gastos con financiamento afectada.

4. Os remanentes de crédito estarán constituídos polos saldos de créditos definitivos non afectados ó cumprimento de obrigacións recoñecidas.

Integrarán os remanentes de crédito os seguintes compoñentes:

FIRMADO POR María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 19/12/2020 18:18:00)
Versión imprimible
CVD: /L4aFpDp5G0k6vTyzfel
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

a) Os saldos de disposicións, é dicir, a diferenza entre os gastos dispostos ou comprometidos e as obrigacións referidas.
b) Os saldos de autorizacións, é dicir, as diferenzas entre os gastos autorizados e os gastos comprometidos.
c) Os saldos de crédito, é dicir, a suma dos créditos dispoñibles, créditos non dispoñibles e créditos retidos pendentes de utilizar.

Os remanentes de crédito sen máis excepcións que as sinaladas no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, quedarán anulados ó peche do exercicio e, en consecuencia, non se poderán incorporar ó Orzamento do exercicio seguinte.

Os remanentes de créditos non anulados poderán incorporarse ó Orzamento do exercicio seguinte nos supostos establecidos no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e de acordo co previsto no artigo 48 do presente Real Decreto, mediante a oportuna modificación orzamentaria e previa incoación de expedientes específicos nos que debe xustificarse a existencia de suficientes recursos financeiros.

En ningún caso serán incorporables os créditos declarados non dispoñibles nin os remanentes de créditos incorporados no exercicio que se liquida, sen prexuízo da excepción prevista no número 5 do artigo 47 (artigo 99 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril).

Efectuarase un seguimento dos remanentes de crédito ós efectos de control dos expedientes de incorporación dos mesmos.

5. O remanente da Tesourería da Entidade Local estará integrado polos dereitos pendentes de cobro, as obrigacións pendentes de pago e os fondos líquidos, todos eles referidos a 31 de decembro do exercicio.

Os dereitos pendentes de cobro comprenderán:

d) Dereitos orzamentarios liquidados durante o exercicio pendentes de cobro.
e) Dereitos orzamentarios liquidados nos exercicios anteriores pendentes de cobro.
f) Os saldos das contas de debedores non orzamentarios.

As obrigacións pendentes de pago comprenderán:

a) As obrigacións orzamentarias pendentes de pago, recoñecidas durante o exercicio, estea ou non ordenado o seu pago.
b) As obrigacións orzamentarias pendentes de pago, recoñecidas nos exercicios anteriores, estea ou non ordenado o seu pago.
c) Os saldos das contas de acredores non orzamentarios.

BASE 52. Saldos de dubidoso cobro

A efectos do cálculo de remanente de tesourería consideraranse dereitos pendentes de difícil ou imposible recadación, os seguintes (artigo 193 bis do TRLRFL):

FIRMADO POR María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 19/12/2020 18:18:00)
Versión imprimible
CVD: /L4aFpDp5G0k6vTyzfel
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

a) Os dereitos pendentes de cobro liquidados dentro dos orzamentos dos dous exercicios anteriores ó que corresponde a liquidación, minoraranse, como mínimo, nun 25%.
b) Os dereitos pendentes de cobro liquidados dentro do orzamento do exercicio terceiro anterior ó corresponde á liquidación, minoraranse, como mínimo, nun 50%.
c) Os dereitos pendentes de cobro liquidados dentro dos orzamentos dos exercicios cuarto a quinto anteriores ó que corresponde a liquidación, minoraranse, como mínimo, nun 75%.
d) Os dereitos pendentes de cobro liquidados dentro dos orzamentos dos restantes exercicios anteriores ó que corresponde a liquidación, minoraranse nun 100%.

En calquera caso, a consideración dun dereito de difícil ou imposible recadación non implicará a súa anulación nin producirá a súa baixa en contas.

BASE 53. Depuración de obrigas e dereitos recoñecidos

1. As baixas que se produzan no exercicio, relativas a dereitos e obrigas de exercicios pechados tramitaranse de acordo coa súa normativa específica. Ás anulacións de liquidacións, insolvencias, prescrición e demais motivos de baixa de dereitos recoñecidos seranlles de aplicación a seguinte normativa:

— Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais,
— Lei 58/2003 do 17 de decembro, Xeral Tributaria.
— Regulamento Xeral de Recadación aprobado por Real Decreto 939/2005 do 29 de xullo.

Cando sexa preciso modificar os saldos iniciais de dereitos pendentes de cobro e obrigas pendentes de pagamento, a causa de erros ou omisións na información contable e orzamentaria, co fin de garantir que a contabilidade reflicta a imaxe fiel da situación financeira e patrimonial do Concello e garantir a permanente concordancia entre a información contable e a derivada doutros Servizos Municipais, tramitarase o oportuno expediente no que, logo de informe de Intervención, a aprobación definitiva da modificación ou modificacións que se propoñan lle corresponderá á Alcaldía.

2. No presente exercicio, levarase a cabo a depuración de resultas de exercicios pechados que por prescrición, insolvencia, cambio de normativa, acordos plenarios ou ben outras causas legalmente fundadas deban causar baixa nas respectivas contas.

3. As acumulacións e baixas que procedan serán ditaminadas pola Comisión Informativa correspondente, expoñeranse ó público para reclamacións e serán aprobadas, se é do caso, polo Pleno.

TITULO V. A CONTA XERAL

BASE 54. Tramitación da Conta Xeral

FIRMADO POR María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 19/12/2020 18:18:00)
Versión imprimible
CVD: /L4aFpDp5G0k6vTyzfel
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

1. O Concello á terminación do exercicio orzamentario, deberá formar a Conta Xeral que poñerá de manifesto a xestión realizada nos aspectos económicos, financeiro, patrimonial e orzamentario.

2. Os estados e contas da entidade local serán rendidas polo seu presidente antes do día 15 de maio do exercicio seguinte ó que corresponda.

3. A conta xeral formada pola Intervención será sometida antes do día 1 de xuño a informe da Comisión Especial de Contas da entidade local, que estará constituída por membros dos distintos grupos políticos integrantes da corporación.

4. A conta xeral co informe da Comisión Especial a que se refire o apartado anterior será exposta ó público por prazo de 15 días, durante os cales e oito máis os interesados poderán presentar reclamacións, reparos ou observacións. Examinados estes pola Comisión Especial e practicadas por esta cantas comprobacións estime necesarias, emitirá novo informe.

5. Acompañada dos informes da Comisión Especial e das reclamacións e reparos formulados, a conta xeral someterase ó Pleno da corporación, para que, no seu caso, poida ser aprobada antes do día 1 de outubro.

6. A referida conta xeral debidamente aprobada, renderase ó Consello de Contas de Galicia e, no seu caso, ó Tribunal de Contas.

TÍTULO VI. CONTROL INTERNO.

BASE 55. Exercicio da función interventora

No Concello, exerceranse as funcións de control interno na súa tripla acepción de función interventora, función de control financeiro e función de control de eficacia.

O exercicio da función interventora levarase a cabo directamente pola Intervención.

O exercicio das funcións de control financeiro e control de eficacia desenvolverase baixo a dirección da Intervención do Concello, polos funcionarios que se sinalen, podendo auxiliarse de auditores externos.

Para o exercicio das súas funcións o órgano Intervención poderá requirir a documentación, aclaracións e informes que considere necesarios, en virtude do establecido no artigo 222 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

BASE 56. Ámbito de aplicación

A función interventora terá por obxecto fiscalizar todos os actos do Concello que dean lugar ó recoñecemento e liquidación de dereitos e obrigacións ou gastos de contido económico, os

FIRMADO POR María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 19/12/2020 18:18:00)
Versión imprimible
CVD: /L4aFpDp5G0k6vTyzfel
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

ingresos e pagos que de aqueles se deriven, e a recadación, inversión e aplicación, en xeral, dos caudais públicos administrados, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso.

O exercicio da expresada función comprenderá:

- A intervención crítica ou previa de todo acto, documento ou expediente susceptible de producir dereitos e obrigacións de contido económico ou movemento de fondos de valores.
- A intervención formal da ordenación do pago.
- A intervención material do pago.
- A intervención e comprobación material das inversións e da aplicación das subvencións.

BASE 57. Modalidades de fiscalización

Se a Intervención considera que o expediente obxecto de fiscalización se axusta á legalidade, fará constar a súa conformidade, mediante dilixencia asinada do tenor literal «Fiscalizado de Conformidade», sen necesidade de motivala.

Se no exercicio da función interventora o órgano Intervención se manifestara en desacordo co fondo ou coa forma dos actos, documentos ou expedientes examinados, deberá formular os seus reparos por escrito antes da adopción do acordo ou resolución.

Cando a disconformidade se refira ó recoñecemento ou liquidación de dereitos a favor das entidades locais ou os seus organismos autónomos, a oposición formalizarase en nota de reparo que, en ningún caso, suspenderá a tramitación do expediente.

Se o reparo afecta á disposición de gastos, recoñecemento de obrigacións ou ordenación de pagos, suspenderase a tramitación do expediente ata que aquel sexa liquidado nos seguintes casos:

a) Cando se base na insuficiencia de crédito ou o proposto non sexa adecuado.
b) Cando non fosen fiscalizados os actos que deron orixe ás ordes de pago.
c) Nos casos de omisión no expediente de requisitos ou trámites esenciais.
d) Cando o reparo derive de comprobacións materiais de obras, subministracións, adquisicións e servizos.

BASE 58. Discrepancias

Cando o órgano a que afecte o reparo non estea de acordo con este, corresponderá ó presidente da entidade local resolver a discrepancia, sendo a súa resolución executiva. Esta facultade non será delegable en ningún caso.

Non obstante o disposto no apartado anterior, corresponderá ó Pleno a resolución das discrepancias cando os reparos:

FIRMADO POR María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 19/12/2020 18:18:00)
Versión imprimible
CVD: /L4aFpDp5G0k6vTyzfel
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

a) Se baseen na insuficiencia ou inadecuación de crédito.
b) Se refiran a obrigacións ou gastos cuxa aprobación sexa da súa competencia.

BASE 59. Normas de fiscalización previa do gasto

Nos termos recollidos no apartado segundo do artigo 219 do Texto Refundido da Lei Reguladora de facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, a fiscalización previa limitarase a comprobar os seguintes extremos:

— A existencia de crédito orzamentario e que o proposto é o adecuado á natureza do gasto e obrigación que se propoña contraer. Nos casos en que se trate de contraer compromisos de gastos de carácter plurianual comprobarase, ademais, que se cumpre o preceptuado na normativa vixente.
— Que as obrigacións ou gastos xéranse por órgano competente.
— Para todo tipo de expedientes deberán efectuarse, ademais, as comprobacións adicionais que se determinen nas presentes Bases, podendo, o órgano interventor, formular as observacións complementarias que considere conveniente, sen que as mesmas teñan, en ningún caso, efectos suspensivos na tramitación dos expedientes correspondentes.

As obrigacións ou gastos sometidos á fiscalización limitada a que se refire o apartado 2 do artigo 219 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais serán obxecto doutra plena con posterioridade, exercida sobre unha mostra representativa dos actos, documentos ou expedientes que deron orixe á referida fiscalización, mediante a aplicación de técnicas de mostraxe ou auditoría, co fin de verificar que se axustan ás disposicións aplicables en cada caso e determinar o grao do cumprimento da legalidade na xestión dos créditos.

Os órganos de control interno que realicen as fiscalizacións con posterioridade deberán emitir informe escrito no que fagan constar cantas observacións e conclusións sexan deducidas delas. Estes informes remitiranse ao Pleno coas observacións que efectuasen os órganos xestores.

As entidades locais poderán determinar, mediante acordo do Pleno, a substitución da fiscalización previa de dereitos pola inherente á toma de razón en contabilidade e por actuacións comprobatorias posteriores mediante a utilización de técnicas de mostraxe ou auditoría (artigos 219.3 e 219.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais).

Cando dos informes de fiscalización sexa deducido que se omitiron requisitos ou trámites que sexan esenciais ou que a continuación da xestión administrativa puidese causar quebrantos económicos á Tesouraría municipal ou a un terceiro, procederase ao exame exhaustivo do expediente e se, a xuízo do Interventor, danse as mencionadas circunstancias, deberá actuar conforme ao preceptuado nos artigos 215 e seguintes do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

FIRMADO POR María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 19/12/2020 18:18:00)
Versión imprimible
CVD: /L4aFpDp5G0k6vTyzfel
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

BASE 60. Toma de razón en contabilidade

A fiscalización previa dos dereitos queda substituída pola inherente á toma de razón en contabilidade, establecéndose as actuacións comprobatorias posteriores que se determinan nas Bases seguintes.

BASE 61. Fiscalización da Devolución de Ingresos Indebidos

Nas devolucións de ingresos indebidos comprobarase que o control inherente á toma de razón en contabilidade verificou que o acordo de devolución foi ditado polo órgano competente e que a imputación orzamentaria foi adecuada. Ademais, verificarase:

- Que a execución da devolución se axustou ao recoñecemento do dereito á mesma.
- Que o ingreso efectivamente foi realizado e non foi obxecto de devolución anterior.
- Que o pago foi realizado a perceptor lexítimo e pola contía debida.

BASE 62. Fiscalización posterior ao recoñecemento do dereito

O exercicio do control posterior de tales dereitos e ingresos comprenderá a verificación do cumprimento da legalidade tanto nos procedementos de xestión que desen lugar ao recoñecemento, liquidación, modificación ou extinción de dereitos, como na realización de calquera ingreso público.

Comprobarase:

- Que o dereito económico é recoñecido e liquidado polo órgano competente, de acordo coas normas en cada caso aplicables.
- As posibles causas da modificación dos dereitos, así como os aprazamentos e fraccionamentos das débedas liquidadas.
- As causas que dan lugar á extinción do dereito.
- Exame particular, cando proceda, dos supostos de derivación de responsabilidade.

TÍTULO VII. INFORMACIÓN ORZAMENTARIA E MOVEMENTO DA TESOURERÍA.

BASE 63. Información sobre a execución do orzamento e a Tesourería

FIRMADO POR María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 19/12/2020 18:18:00)
Versión imprimible
CVD: /L4aFpDp5G0k6vTyzfel
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

De conformidade co establecido no artigo 207 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo de 2/2004, de 5 de marzo, a Intervención deste Concello remitirá ó Pleno Corporativo, por conduto do Presidente, información da execución dos Orzamentos e do movemento da Tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias e da súa situación, con tempo suficiente para ser coñecidos nas sesións Plenarias ordinarias que este Concello celebre nos meses de xullo e novembro de cada ano.

TÍTULO VIII. GASTOS DE PERSOAL.

CAPITULO I. NORMAS XERAIS.

BASE 64. Retribucións dos empregados públicos

As retribucións íntegras do persoal funcionario e laboral ó servizo deste Concello axustaranse ó disposto na Lei de Orzamentos Xerais do Estado en cada momento vixente, sen prexuízo das adecuacións retributivas que, con carácter singular e excepcional, resulten imprescindibles polo contido dos postos de traballo, pola variación do número de efectivos asignados a cada programa ou polo grado de consecución dos obxectivos fixados ó mesmo, sempre con estrito cumprimento do disposto na normativa vixente.

O réxime de percepción das retribucións axustarase á normativa vixente sobre retribucións de funcionarios públicos, Relación de Postos de Traballo e ós acordos reguladores das condicións de traballo do persoal ó Servizo do Concello.

Para o persoal laboral aplicarase o Convenio Colectivo en vigor.

No ano 2021, as retribucións do persoal ó servizo do Concello non poderán experimentar maior incremento respecto das vixentes a 31 de decembro de 2020 que o que se determine na Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2021 ou normativa equivalente.

BASE 65. Nóminas

1. O pagamento de toda clase de retribucións ós funcionarios e demais persoal deste Concello efectuarase mediante nómina mensual que serán autorizadas e conformadas pola Alcaldía do Concello.

2. O cálculo e confección do expediente de nómina corresponderá á Tesourería Municipal. Debe estar pechado como máximo a día 24 de cada mes. No caso de ser inhábil, o expediente de nómina pecharase o primeiro día hábil anterior ao día 24 de cada mes. As alteracións que se produzan con posterioridade a esa data causarán efecto na nómina do mes seguinte.

FIRMADO POR María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 19/12/2020 18:18:00)
Versión imprimible
CVD: /L4aFpDp5G0k6vTyzfel
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

3. Confeccionadas as nóminas, a Tesourería achegará un parte das variacións existentes en cada expediente con relación ao mes anterior, para a súa debida fiscalización.

4. Todos os haberes do persoal que figuran nas nóminas mensuais serán pagados pola entidade bancaria designada ó efecto pola Alcaldía do Concello mediante abono na conta da devandita entidade ou doutra que elixira o perceptor. O pagamento, nestes casos, xustificarase co documento acreditativo do abono ou da orde de transferencia da entidade bancaria mediante a que se proceda ó pagamento de haberes.

BASE 66. Anticipos reintegrables a funcionarios e persoal laboral

1. Concederanse anticipos reintegrables ós funcionarios conforme ó establecido na lexislación sobre funcionarios. Poderán concedérselle ao persoal laboral, de conformidade co regulado no Convenio Colectivo.

2. Para a concesión dun novo anticipo, deberá acreditarse que o anterior foi totalmente cancelado.

3. A concesión de anticipos é competencia da Alcaldía.

4. Á extinción ou suspensión da relación de servizo co Concello de Lousame virá obrigado o persoal afectado, ó reintegro do importe pendente de reembolso nos prazos e co procedemento establecido con carácter xeral para outros ingresos de dereito público, mediante Resolución da Alcaldía.

5. Para os efectos indicados no parágrafo anterior non se considerarán suspensión da relación estatutaria ou laboral, os permisos ou licenzas legalmente establecidos ou as situacións de incapacidade transitoria. Durante a vixencia de tales situacións temporais, o persoal funcionario ou laboral incurso nestas que tivese anticipos pendentes de reembolso e non perciba retribucións do Concello, efectuará os reintegros correspondentes por mensualidades, nas datas inicialmente determinadas, realizándose o ingreso directamente na Tesouraría Municipal.

6. Estes anticipos entenderanse sen prexuízo de poder solicitar o anticipo da nómina mensual establecido no Real Decreto-Lei do 16.12.1929, que poderán ser outorgados de forma inmediata por Resolución da Alcaldía.

CAPITULO II. NORMAS SOBRE PERSOAL FUNCIONARIO.

BASE 67. Retribucións. Produtividade e Gratificacións

1. A contía dos diferentes conceptos retributivos que percibirá o persoal funcionario debe axustarse ás seguintes regras:

FIRMADO POR María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 19/12/2020 18:18:00)
Versión imprimible
CVD: /L4aFpDp5G0k6vTyzfel
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

— Soldo, Trienios e Pagas Extraordinarias: Os que correspondan aos diversos grupos de clasificación de acordo co Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o *Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público*, percibiranse nas contías sinaladas na Lei de Orzamentos Xerais do Estado.
— Complemento de Destino: Será o correspondente ao nivel do posto de traballo que desempeñe o funcionario, de acordo co catálogo aprobado pola Corporación, e a súa contía virá igualmente determinada pola fixada para o efecto pola Lei de Orzamentos Xerais do Estado.
— Complemento Específico: Será o correspondente ao posto de traballo que desempeñe o funcionario, de acordo co catálogo aprobado pola Corporación. Experimentará o incremento que se dispoña con carácter xeral para as retribucións de funcionarios na Lei de Orzamentos Xerais do Estado.

2. Produtividade: Efectúanse consignacións nas aplicacións orzamentarias 231.150.01, 323.150.01, 920.150.01 e 934.150.01 respectivamente, para persoal funcionario, con cargo á cal se aboarán o excepcional rendemento, a actividade e dedicación extraordinaria, o interese e iniciativa con que se desempeñe o posto de traballo.

A asignación individual deste complemento de produtividade xustificarase mediante Memoria da Alcaldía/Concelleiro Delegado, e deberá ser aprobado por Resolución da Alcaldía, que exerce a xefatura de todo o persoal.

Os importes orzamentados correspondentes ao complemento de produtividade retribúe o especial redemento, actividade extraordinaria e iniciativa con que o funcionario desempeña o seu traballo, en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos que, no seu caso, se asignen ao mesmo.

Para a distribución da dita contía, requírese a emisión dunha Memoria da Alcaldía/Concelleiro-a Delegado-a, onde se especifique para o periodo de referencia ao que se refire a produtividade, o cumprimento dos seguintes aspectos:

a) *Especial rendemento*:

1 Volume de expedientes tramitados ou de tarefas ou traballos realizados en relación co número de efectivos dispoñibles no Departamento, especialmente no suposto de baixas ou ausencia de persoal que non teñan sido substituídos por novo persoal contratado.
2 Realización de tarefas ou tramitación de expedientes de especial dificultade ou extraordinarios ou pouco usuais, referidas á expedientes concretos.
3 Traballo fóra da xornada laboral (non compensación de ausencias) que non teña sido retribuído coma gratificación no mesmo período ao que se refire a produtividade.
4 Dispoñibilidade especial para eventos ou traballos específicos fóra da xornada laboral.

b) *Actividade extraordinaria/ servizos extraordinarios concretos*:

1 Realización de tarefas superiores ás propias do posto de traballo.
2 Realización de funcións ou tarefas alleas ás propias do posto de traballo.
3 Asunción de tarefas, con carácter extraordinario, de coordinación de servizos ou procesos.

c) *Interese e iniciativa*:

FIRMADO POR María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 19/12/2020 18:18:00)
Versión imprimible
CVD: /L4aFpDp5G0k6vTyzfel
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

1 Proposta, supervisión e seguimento da implantación de servizos ou traballos novidosos.
2 Designación como persoal de contacto para a implantación, seguimento ou mantemento de aplicacións ou procesos en colaboración con outras Administracións.

O expediente será aprobado por resolución da Alcaldía, previa comprobación da existencia de crédito, e incluído na nómina que lle corresponda. Tamén será comunicado aos representantes dos funcionarios, de acordo co que establece o artigo 5.4 do RD 861/1986, do 25 de abril.

En ningún caso, as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

3. Gratificacións: Efectúanse consignacións nas aplicacións orzamentarias 231.151.01, 321.151.01, 920.151.01 e 934.151.01, para persoal funcionario, con cargo á cal se aboarán os servizos extraordinarios prestados fóra da xornada normal de traballo, para realizar traballos concretos e específicos, que con carácter excepcional propoñan os responsables dos servizos. As gratificacións non poden ser fixas na contía nin periódicas na súa vindicación.

A asignación individual destas gratificacións levarase a cabo mediante Resolución da Alcaldía. A contía bruta das gratificacións cuantificarase multiplicando o número de horas dos servizos extraordinarios, como mínimo, polo custe/hora do posto de cada funcionario.

O custo/hora do posto de cada funcionario calcularase dividindo as súas retribucións totais anuais (soldo, trienios, pagas extraordinarias, complemento de destino e específico) por 1642 (*a duración da xornada xeral é de 37,5 horas semanais de traballo, que equivalen a 1642 horas anuais, segundo o artigo 3 da Resolución do 28.02.2019 da Secretaría de Estado de Función Pública (BOE núm. 52 do 01.03.2019)*

CAPITULO III. NORMAS SOBRE PERSOAL LABORAL.

BASE 68. Persoal Laboral

1. O conxunto das retribucións a percibir polo persoal laboral ó servizo do Concello axustarase ó establecido na Lei de Presupostos Xerais do Estado para 2021.

2. Efectúanse consignacións nas aplicacións orzamentarias 323.150.02, 450.150.02 e 931.150.02, para persoal laboral, con cargo ás que se aboarán o excepcional rendemento, a actividade e dedicación extraordinaria, o interese e iniciativa con que se desempeñe o posto de traballo. A asignación individual deste complemento de produtividade levarase a cabo mediante Resolución da Alcaldía, do mesmo xeito que o regulado para os funcionarios na base 67.

3. Efectúanse consignacións nas aplicacións orzamentarias 150.151.02, 231.151.02, 323.151.02, 450.151.02, 931.151.02 e 231.151.03 para persoal laboral, con cargo ás que se aboarán os servizos extraordinarios prestados fóra da xornada normal de traballo. A asignación individual

FIRMADO POR María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 19/12/2020 18:18:00)
Versión imprimible
CVD: /L4aFpDp5G0k6vTyzfel
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

destas gratificacións levarase a cabo mediante Resolución da Alcaldía, e coas contías previstas no Convenio Colectivo aprobado para o persoal laboral do Concello.

CAPITULO IV. NORMAS SOBRE PERSOAL EVENTUAL, CONTRATADO E INTERINO.

BASE 69. Persoal eventual, contratado e interino

1. Non se establece ningunha previsión para **persoal eventual** durante o exercicio 2021.

2. Durante a vixencia das limitacións establecidas polo Real Decreto Lei 20/2011, de 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público, recollidas nas sucesivas Leis de Orzamentos Xerais do Estado dos anos 2012, 2013, 2014, 2015, 2016 , 2017 e 2018 non caberá a contratación de **persoal temporal ou de funcionarios interinos**, agás en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables restrinxidas a sectores, funcións e categorías profesionais prioritarios ou que afecten aos servizos públicos esenciais.

A fin de dar cumprimento ao RDL 20/2011 de 30 de decembro con carácter previo ao inicio do proceso selectivo do persoal que se queira contratar, deben concorrer os seguintes requisitos (que se acreditarán no correspondente expediente administrativo):

a) Recaer sobre postos de traballo que desenvolvan funcións que comporten a necesidade urxente de cobertura; xa que do contrario, perigaría o funcionamento esencial e básico do Concello de Lousame.

b) Recaer sobre os servizos básicos e esenciais que desenvolve o Concello de Lousame.

A concorrencia destas circunstancias así como a urxencia e o carácter inaprazable da contratación, deberán quedar acreditados nunha memoria que subscribirá a Alcaldía do Concello de Lousame.

Estas limitacións non se considerarán no caso do persoal cuxa contratación temporal estea integramente financiada por outra Administración Pública. Considerarase que a financiación é íntegra cando abrangue os custos salariais e cota empresarial da Seguridade Social, aínda que non inclúa a indemnización prevista no artigo 49.1.c) do ET (*finiquitos*) ou liquidacións por vacacións non desfrutadas.

Nos supostos de financiamento parcial, estarase ao sinalado nos apartados anteriores.

En todo caso, deberá respectarse a regulación específica para o persoal eventual, temporal e interinos prevista na Lei de Orzamentos do Estado para o 2021.

FIRMADO POR María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 19/12/2020 18:18:00)
Versión imprimible
CVD: /L4aFpDp5G0k6vTyzfel
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

BASE 70. Substitución por vacacións da Secretaría do Xulgado de Paz

A substitución, por licenza e vacacións da secretaria do Xulgado de Paz queda encomendada ao persoal do concello que designe a Alcaldía, percibindo a gratificacións/produtividade que lle corresponda.

Lousame, na data da sinatura dixital

A Alcaldía, Mª Teresa Villaverde Pais

FIRMADO POR María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 19/12/2020 18:18:00)
Versión imprimible
CVD: /L4aFpDp5G0k6vTyzfel
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.